A elaboración deste informe prodúcese ao abrigo do acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social de 18/5/2023 (ratificado polo acordo do Pleno de 7 de xuño de 2023) de aprobar a realización dun estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de grao e mestrado na promoción de 2020/2021, solicitado pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade a pedido da Unidade de Análises e Programas (UAP) da UVigo.

A realización desta actividade permite dar continuidade, retomado no curso 2018/2019 por remesas anuais, ao estudo do seguimento da inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas, o que nesta ocasión foi tamén posíbel grazas á colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade na fixación dun protocolo de obtención de consentimentos explícitos das promocións máis recentes de antigos estudantes.

### 1. Seguimento da inserción laboral

A necesidade de realizar esta actividade de seguimento da inserción laboral deriva do cumprimento das disposicións normativas do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización dos estudos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade<sup>2</sup>. A norma determina o cadro xeral da regulación dos procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación dos estudos universitarios oficiais e, entre os seus obxectivos, “pretende fortalecer as capacidades de empregabilidade que confire a formación recibida en diferentes títulos, a partir das competencias e coñecementos asumidos, ben como mediante un amplo abano de opcións académicas, coa vontade de facilitar aos graduados universitarios unha inserción laboral digna e de calidade. Esta vontade de mudanza sempre debe ir acompañada do rigor e solidez académica da oferta universitaria”.

Consoante as súas atribucións, en Galicia compete á ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia) a valoración para a renovación da acreditación segundo os protocolos de avaliación establecidos conxuntamente entre as axencias de avaliación que cumpran os Criterios e Padróns de Calidade Europeos<sup>3</sup>.

---

<sup>2</sup> <https://www.boe.es/buscar/act.php?lang=gl&id=BOE-A-2021-15781&tn=1&p=>

<sup>3</sup> A partir da superación dunha avaliación externa que permita seren membros de pleno dereito da Asociación Europea para o Aseguramento da Calidade do Ensino Superior (ENQA) e estaren inscritas no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR).

Con ese fin, a 26 de abril de 2023, a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) da ACSUG aprobou o Guía de Avaliación para o Seguimento e a Renovación da Acreditación de Títulos Oficiais (Grao e Mestrado)<sup>4</sup>. Dito Guía de Seguimento e Acreditación de títulos de Grao e Mestrado ten dous obxectivos: por un lado, ser o documento que deben utilizar as universidades para organizar a información ligada ao seguimento e renovación da acreditación dos títulos verificados e inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), e, por outro lado, constitúe un guía de avaliación para as Comisións de Avaliación de ACSUG.

A avaliación do seguimento e da renovación da acreditación de todos os títulos oficiais de grao e mestrado está baseada en sete criterios agrupados en tres dimensións.

Os criterios incluídos nas dimensións son:

<b>DIMENSIÓN 1. A xestión do título</b>
Criterio 1: Organización e desenvolvemento
Criterio 2: Información e transparencia
Criterio 3: Sistema de garantía de calidade
<b>Dimensión 2. Recursos</b>
Criterio 4. Recursos humanos
Criterio 5. Recursos materiais e servizos
<b>Dimensión 3. Resultados</b>
Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

A inserción laboral identifícase co criterio 7 (Indicadores de satisfacción e rendemento) da dimensión 3 (Resultados), establecendo que “serán analizados os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o seu desenvolvemento. Neste sentido, serán analizados os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, dos resultados de aprendizaxe inicialmente definidos para o título; isto é, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén será analizada a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).”

Para cada un dos criterios o Guía de Seguimento e Acreditación de títulos de Grao e Mestrado establece subcriterios con indicación dos aspectos a valorar. Así sendo, a inserción laboral e a satisfacción cos estudos realizados está ligado ao subcriterio 7.3 do criterio 7.

<sup>4</sup> [http://www.acsug.es/sites/default/files/guia\\_seg.-acred\\_grado\\_y\\_msster\\_v2\\_abril\\_2023\\_.pdf](http://www.acsug.es/sites/default/files/guia_seg.-acred_grado_y_msster_v2_abril_2023_.pdf) [Consult. 4/7/2023]

- Criterio 7: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as procuras sociais da súa contorna. Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se los resultados se adecúan ás previsións e características do título.
- Subcriterio 7.3: Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral son levados en conta para a mellora e revisión do plano de estudos.

O Guía establece que a análise debe estar baseada nunha serie de evidencias (E) e indicadores (I) definidos no seu Anexo III<sup>5</sup> e no que se indica con que criterios se relacionan, quen debe achegar a evidencia e cando/onde ser achegada.

Evidencias e indicadores sobre inserción laboral:

	<b>Evidencia</b>	<b>Indicador</b>
<b>Nº</b>	E29	I12
<b>Criterio</b>	7	7
<b>Evidencia</b>	Informe/documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos os indicadores de inserción laboral e SIU)	Resultados de inserción laboral
<b>Entidade achegadora</b>	Universidade	Universidade
<b>Cando/Onde achegar</b>	Col AI/ligazón ou pdf	Co AI/ligazón ou pdf

Así sendo, a evidencia (E29) e o indicador (I12) sobre inserción laboral de cada título de grao e mestrado deberán ser achegados por cada universidade para sustentar as reflexións e valoracións incluídas no Autoinforme de Avaliación (AI) de seguimento ou de renovación da acreditación, segundo proceda, do título.

---

<sup>5</sup> Listado de evidencias e indicadores.

O apartado 5 do Guía de Seguimento e Acreditación de títulos de Grao e Mestrado define pormenorizadamente a secuencia de actividades nos procesos de seguimento e de renovación da acreditación dos títulos na que a elaboración e aprobación anual, por parte de cada universidade, dun Autoinforme de Avaliación (AI) de cada un dos títulos de grao e mestrado. O Anexo I<sup>6</sup> do referido Guía establece o formato de dito AI, debendo incluír a información da evidencia E29 e do indicador I12, ben como facer parte da información mínima relevante a publicar do título (Anexo II).

Os anexos V y VI do Guía definen os Modelos de avaliación do seguimento (Anexo V) e de renovación da acreditación (Anexo VI) de títulos oficiais de grao e mestrado, establecendo que ditos documentos, segundo proceda, deben abordar o subcriterio 7.3, a evidencia E29 e o indicador I12, debendo tamén estar incluídos os correspondentes Modelos de avaliación da información pública.

Máis especificamente, o Guía establece que "para a avaliación da información pública será revisada a páxina web da universidade/centro/título comprobando que se encontra información sobre os seguintes ítems. Así mesmo, débese ter en conta que, no caso dun título interuniversitario/intercentros, debe ser revisada a información publicada en cada un dos centros/universidades participantes". Así sendo, os resultados do título incluirán a inserción laboral, debendo valorarse se dita información é pública, concorda coa memoria vixente e é de fácil acceso.

En conclusión, para a mellora e revisión do plano de estudos, cada universidade deberá describir os métodos dispoñibles para a recollida de información de inserción laboral, definir a frecuencia e o modo de recompilación e a utilización dos resultados de inserción laboral (indicador I12) e da elaboración do informe/documento que recolla a análise dos resultados do título<sup>7</sup> (evidencia E29).

---

<sup>6</sup> Autoinforme de seguimento/renovación da acreditación

<sup>7</sup> Incluídos os indicadores de inserción laboral e SIIU.

## 2. Colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

A partir da entrada en vigor do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD) a 25/5/2018 é preciso un consentimento explícito previo dos antigos estudantes para poder enviarlles enquisas sobre inserción laboral.

Por ese motivo e para dar continuidade ao seguimento da inserción laboral das novas promocións incorporadas ao mercado de traballo, en decembro de 2018 o Observatorio solicitou ao Equipo de Goberno da UVigo que implantase, no momento en que os recién titulados solicitasen o título, un documento de consentimento para formar parte da Base de Datos do Observatorio. En consecuencia, a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade<sup>8</sup> implementou un Documento de Consentimento Explícito destinado aos recém titulados para que, no momento de solicitar o título académico, cedesen os seus datos de contacto tanto de forma presencial como telemática. A 15 de novembro de 2022 a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade remitía ao Observatorio o listado de 441 antigos estudantes en estudos oficiais de mestrado da promoción 2020/2021 que deran o seu consentimento a formar parte da nosa Base de Datos.

A disposición de información actualizada sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo permitirá que a institución poda dar resposta aos requirimentos sobre empregabilidade das diferentes clasificacións nacionais e internacionais dos rankings universitarios, quer a nivel global, quer por tipoloxía de estudos, quer por titulacións, contribuíndo, deste xeito, para unha melloría do posicionamento da UVigo nestas clasificacións.

---

<sup>8</sup> Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria entre 2018-2022.





## Obxectivos

A seguir son definidos o obxectivo principal e específicos deste estudo elaborado polo Observatorio de Persoas Tituladas coa colaboración do Consello Social da UVigo a partir da análise dos resultados da enquisa autoaplicada sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario no curso académico 2020/2021.

### 1. Obxectivo principal

O obxectivo principal deste estudo consiste na obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario na promoción 2020/2021 e coñecer as condicións laborais no traballo actual. Alén diso, tamén se inquiriu pola situación socio-laboral aos doce meses de finalizar os seus estudos na UVigo e no momento de iniciar os estudos de mestrado.

### 2. Obxectivos específicos

Este estudo de inserción laboral visa obter información sobre os seguintes aspectos:

- Analizar os resultados obtidos na enquisa sobre o perfil persoal e académico, situación socio-laboral en función das seguintes variábeis de segmentación:
  - Sexo
  - Idade
  - Lugar de residencia
  - Ramas de coñecemento
  - Estudos de mestrado universitario
  - Titulacións e universidades de procedencia
  - Motivacións principais para cursar os estudos de mestrado
  - Realización de prácticas profesionais ofertadas nos estudos de mestrado
  
- Experiencia laboral anterior á realización do mestrado.
  
- Actividade laboral no momento de iniciar os estudos de mestrado.
  
- Determinar as condicións laborais no traballo actual atendendo ás seguintes variábeis de segmentación:
  - Lugar do traballo: Galicia, outra comunidade autónoma e resto do mundo

- Rama de actividade: empresa privada, ámbito público e entidades sen ánimo de lucro
  - Sector económico: actividades físico/deportivas, actividades inmobiliarias, actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...), aeroespacial, alimentación/industria alimentar, automoción; banca, servizos financeiros e seguros, comercio<sup>9</sup>, construción, consultoría, cultura e entretemento, defensa e seguranza, enerxía e utilities, ensino/docencia, enxeñaría, farmacéutico; industria química, plástico, vidro e envases, investigación/actividades científicas; loxística, transporte e distribución, madeira, medios de comunicación/audiovisuais, metalurxia e eléctrico, minaría; papel, gráficas, edición e reprodución, sanitario/saúde, sector primario<sup>10</sup>, servizos a empresas, servizos da Administración Pública, servizos informáticos, servizos sociais/outras actividades sociais, telecomunicacións/IT, téxtil e confección, turismo e restauración/HORECA e xestión ambiental
  - Área funcional de traballo ou departamento: administración e finanzas, atención ao cliente/usuario, calidade, compras, dirección xeral, enxeñaría e construción, formación e ensino, I+D+i, informática e tecnoloxía, loxística e almacén, sen áreas funcionais diferenciadas no seo da empresa/entidade, prevención e saúde, produción, recursos humanos, servizos, vendas/marketing e xestión de proxectos
  - Categoría profesional: directivo/a, mando intermedio, técnico/a cualificado/a e empregado/a non cualificado/a
  - Tamaño da empresa/entidade: empresa individual<sup>11</sup>, microempresa, pequena empresa, mediana empresa e grande empresa
  - Ingresos: Nivel salarial e/ou de ingresos referidos polos inquiridos (sen contrastar cos correspondentes contratos)
- A percepción das persoas tituladas sobre o emprego actual e a súa relación cos estudos realizados na UVigo:
    - Grao de satisfacción global co seu emprego
    - Adecuación temática entre emprego e estudos realizados
    - Sobrecualificación

---

<sup>9</sup> Inclúe comercio grosista e detallista.

<sup>10</sup> Agricultura, gandería, caza e pesca.

<sup>11</sup> Autoemprego ou traballador/a autónomo/a sen empregados.

- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos estudos oficiais de mestrado da UVigo no curso 2020/2021:
  - Satisfacción global cos estudos de mestrado realizados, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización destes estudos
  - Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral relativamente á capacitación para desenvolver a carreira profesional, a súa contribución á inserción laboral e a mellora do nivel socio-laboral
- Manter unha comunicación coas promocións recentes do antigo alumnado da UVigo de cara a actualizar e ampliar a Base de Datos do Observatorio coa información máis recente nos ámbitos académico e profesional das persoas tituladas.
- Analizar de forma específica a situación do mercado de traballo e da empregabilidade das persoas tituladas nunha promoción que se inseriu no mercado de traballo nun ano, 2021, aínda marcado polas repercusións económicas e sociais derivadas da pandemia de Covid-19.

A análise destas dimensións permite obter unha radiografía do perfil das persoas tituladas, incidindo en aspectos relevantes como a traxectoria académica, o acceso ao mercado de traballo e a situación socio-laboral actual.



## Metodoloxía

Esta parte detalla os pasos implementados para a elaboración deste informe sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de mestrado universitario no curso académico 2020/2021 relativamente ao proceso metodolóxico, estrutura do cuestionario aplicado, definición da poboación e mostra, ben como a ficha técnica.

### 1. Proceso metodolóxico

#### 1.1 Elaboración do cuestionario

O cuestionario aplicado neste estudo non difire do empregado no estudo de inserción laboral realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas ás persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2018/2019.

Así sendo, a referencia bibliográfica alicérase, con adaptacións, nos cuestionarios aplicados tanto no “Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da UVigo (1990-2015)” como nos tres traballos de seguimento do impacto laboral da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Alén diso, tamén foron levadas en conta enquisas semellantes aplicadas por outras institucións, entidades e organizacións, nomeadamente a ACSUG<sup>12</sup>. Relativamente á medición da satisfacción global cos estudos de mestrado, empregabilidade e inserción laboral foi aplicado o cuestionario aprobado pola Comisión de Calidade de Eido para a medición da satisfacción dos programas de doutoramento da UVigo. Todos os ítems do cuestionario aplicado pódense consultar no Anexo I.

Unha vez deseñado, o cuestionario autoaplicado, realizado a partir da tecnoloxía de Microsoft Forms, un servizo de O365 AI para educación coa licenza correspondente asignada pola UVigo, foi distribuído por correo electrónico entre os titulados/as da UVigo en estudos de mestrado no curso 2020/2021 que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio. O formulario foi inserido na Web institucional do Observatorio o 19 de maio de 2023<sup>13</sup>.

#### 1.2 Definición da poboación

Durante o curso académico de 2020/2021 a UVigo emitiu un total de 1155 títulos de mestrado segundo a distribución por titulacións e centros que mostra o Cadro nº1.

O Cadro nº1 mostra, para cada titulación, centro e campus os títulos de mestrado emitidos no curso académico 2020/2021.

*Cadro nº1. Títulos de mestrado emitidos da UVigo no curso 2020/2021*

Mestrado	Centro	Títulos emitidos
<b>Ourense</b>		
<b>Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental</b>	Facultade de Ciencias	20
<b>Nutrición</b>	Facultade de Ciencias	12
<b>Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade</b>	Facultade de Historia	1
<b>Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural</b>	Facultade de Historia	8

<sup>12</sup> Cuestionarios aplicados no “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia. 2011-2012” (EIL1112), ben como o EIL 1213 e EIL1314.

<sup>13</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2020-2021/>

Avogacía	Facultade de Dereito	21
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	16
Xestión Empresarial do Deporte	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	27
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	Facultade de Educación e Traballo Social	19
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Facultade de Educación e Traballo Social	29
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Facultade de Educación e Traballo Social	61
Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	8
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	2
<b>Pontevedra</b>		
Arte Contemporánea	Facultade de Belas Artes	2
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	14
Deseño e Dirección Creativa en Moda	Facultade de Belas Artes	4
Dirección de Arte en Publicidade	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	31
Dirección Integrada de Proxectos	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	6
Dirección Pública e Liderado Institucional	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	23
Dirección TIC para a Defensa	CUD Marín	19
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil y Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	16
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	6
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	33
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	45
<b>Vigo</b>		
Acuicultura	Facultade de Bioloxía	8
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	23
Avogacía	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	52
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	Facultade de Bioloxía	4
Bioloxía Mariña	Facultade de Bioloxía	10
Biotecnoloxía Avanzada	Facultade de Bioloxía	15
Ciberseguridade	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	7
Comercio Internacional	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	31
Dirección de PEMES	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	19
Dirección e Administración de Empresas	Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE)	34
Dirección e Innovación na Cadea de Subministración	Escola de Enxeñaría Industrial	34
Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	2
Enerxía e Sustentabilidade	Escola de Enxeñaría Industrial	2
Enxeñaría da Automoción	Escola de Enxeñaría Industrial	30

<b>Enxeñaría de Minas</b>	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	14
<b>Enxeñaría de Telecomunicación</b>	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	12
<b>Enxeñaría Industrial</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	38
<b>Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	7
<b>Finanzas</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	20
<b>Industria 4.0</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	6
<b>Investigación Química e Química Industrial</b>	Facultade de Química	12
<b>Lingüística Aplicada</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	8
<b>Matemática Industrial</b>	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	5
<b>Mecatrónica</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	12
<b>Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	22
<b>Nanociencia e Nanotecnoloxía</b>	Facultade de Química	4
<b>Neurociencia</b>	Facultade de Bioloxía	4
<b>Oceanografía</b>	Facultade de Ciencias do Mar	10
<b>Prevenção de Riscos Laborais</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	36
<b>Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas</b>	Facultade de Bioloxía	160
<b>Química Teórica e Modelización Computacional</b>	Facultade de Química	1
<b>Tradución Multimedia</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	24
<b>Tradución para a Comunicación Internacional</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	19
<b>Xenómica e Xenética</b>	Facultade de Bioloxía	8
<b>Xestión do Desenvolvemento Sustentábel</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	20
<b>Xestión e Dirección Laboral</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	19

Porén, os destinatarios da enquisa autoaplicada non foron todas as persoas tituladas referidas no Cadro nº1, senón os contactos que previamente deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo<sup>14</sup>.

*Cadro nº2. Persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2020/2021 rexistradas na Base de Datos do Observatorio*

<b>Mestrado</b>	<b>Centro</b>	<b>Títulos emitidos</b>
<b>Ourense</b>		
<b>Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental</b>	Facultade de Ciencias	2
<b>Nutrición</b>	Facultade de Ciencias	4
<b>Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade</b>	Facultade de Historia	0
<b>Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural</b>	Facultade de Historia	0
<b>Avogacía</b>	Facultade de Dereito	12
<b>Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde</b>	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	0
<b>Xestión Empresarial do Deporte</b>	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	15

<sup>14</sup> 441 persoas tituladas.

Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	Facultade de Educación e Traballo Social	8
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Facultade de Educación e Traballo Social	14
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Facultade de Educación e Traballo Social	29
Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	3
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	1
<b>Pontevedra</b>		
Arte Contemporánea	Facultade de Belas Artes	0
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	4
Deseño e Dirección Creativa en Moda	Facultade de Belas Artes	1
Dirección de Arte en Publicidade	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	5
Dirección Integrada de Proxectos	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	0
Dirección Pública e Liderado Institucional	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	12
Dirección TIC para a Defensa	CUD Marín	4
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil y Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	12
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	2
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	16
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	27
<b>Vigo</b>		
Acuicultura	Facultade de Bioloxía	2
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	13
Avogacía	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	22
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	Facultade de Bioloxía	2
Bioloxía Mariña	Facultade de Bioloxía	4
Bioteconoloxía Avanzada	Facultade de Bioloxía	8
Ciberseguridade	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	4
Comercio Internacional	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	11
Dirección de PEMES	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	3
Dirección e Administración de Empresas	Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE)	0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	Escola de Enxeñaría Industrial	1
Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	0
Enerxía e Sustentabilidade	Escola de Enxeñaría Industrial	0
Enxeñaría da Automoción	Escola de Enxeñaría Industrial	14
Enxeñaría de Minas	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	8
Enxeñaría de Telecomunicación	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	5
Enxeñaría Industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	11
Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	Facultade de Filoloxía e Tradución	5



<b>Finanzas</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	7
<b>Industria 4.0</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	0
<b>Investigación Química e Química Industrial</b>	Facultade de Química	0
<b>Lingüística Aplicada</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	6
<b>Matemática Industrial</b>	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	2
<b>Mecatrónica</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	1
<b>Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	8
<b>Nanociencia e Nanotecnoloxía</b>	Facultade de Química	1
<b>Neurociencia</b>	Facultade de Bioloxía	2
<b>Oceanografía</b>	Facultade de Ciencias do Mar	3
<b>Prevenção de Riscos Laborais</b>	Escola de Enxeñaría Industrial	18
<b>Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas</b>	Facultade de Bioloxía	82
<b>Química Teórica e Modelización Computacional</b>	Facultade de Química	0
<b>Tradución Multimedia</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	16
<b>Tradución para a Comunicación Internacional</b>	Facultade de Filoloxía e Tradución	4
<b>Xenómica e Xenética</b>	Facultade de Bioloxía	0
<b>Xestión do Desenvolvemento Sustentábel</b>	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	5
<b>Xestión e Dirección Laboral</b>	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	2

### 1.3 Difusión do cuestionario

O cuestionario aplicado foi difundido por varias vías:

A principal, a través dun mailing masivo aos enderezos de correo electrónico das persoas tituladas en estudos de mestrado universitario no curso académico 2020/2021 rexistradas na Base de Datos do Observatorio e fornecidos pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da UVigo.

O corpo da mensaxe de correo electrónico en que se solicitaba a colaboración con esta iniciativa contiña un texto de presentación (ver Anexo 2) asinado polo director do Observatorio, no que se expuñan os obxectivos deste estudo e se encoraxaba a participar nesta iniciativa do Observatorio. As mensaxes enviadas incluían a ligazón de acceso ao cuestionario. De acceso simple e directo, unha vez preenchido, a información recibida era transferida instantaneamente para unha folla de cálculo de acceso restrinxido ao persoal técnico de apoio do Observatorio.

Outra vía de difusión foron os medios telemáticos cos que conta o Observatorio, a Páxina Web, onde se habilitou unha entrada específica<sup>15</sup>, e as nosas Redes Sociais, nomeadamente a Páxina de LinkedIn<sup>16</sup> e o Canal de Youtube<sup>17</sup>, onde foi creada a lista de reprodución “Inserción laboral 2020/2021”.

Para facilitar a participación na enquisa foi elaborado un vídeo-guía<sup>18</sup> para acceder de antemán, e en menos de tres minutos, ás preguntas do formulario aplicado.

<sup>15</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2020-2021/>

<sup>16</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>17</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=s4yCM16x-bY&list=PLpjfPvJRto4tKTcwEkJADeqxWdfiqxSDW>

<sup>18</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=I-i3lqk5H-4>

Para que a taxa de resposta fose o máis alta posíbel, foron enviadas periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar a importancia da participación no estudo. Así sendo, para alén do envío inicial<sup>19</sup>, fixéronse dúas reiteracións<sup>20</sup>, excluindo de cada unha delas as persoas que responderan a enquisa. De xeito excepcional foi preciso realizar unha terceira reiteración<sup>21</sup> a fin de mellorar a taxa de resposta das titulacións en que se valorou que non estaban garantidos uns mínimos de representatividade.

Adicionalmente, en función da taxa de participación existente, a partir da conta de correo institucional do Observatorio foron realizados requirimentos aos centros responsábeis pola docencia e ao profesorado responsábel da coordinación dos títulos de mestrado a fin de solicitar a súa colaboración na difusión da enquisa entre as persoas tituladas dos estudos respectantes (ver Anexo 3).

Logo da emigración para O365 das contas de correo corporativas da UVigo, a diferenza dos estudos anteriores, o envío dos correos electrónicos non se viu afectado polos condicionamentos relativos á limitación do número de mensaxes/envío de cada conta de e-mail adscrita ao dominio uvigo.gal.

#### 1.4 Recolla e procesamento de datos

As respostas recollidas instantaneamente foron incorporadas a unha base de datos, sendo revisadas<sup>22</sup> e codificadas para seren traducidas en indicacións cifradas que facilitasen as clasificacións e posterior tratamento informático.

A fin de garantir o anonimato dos participantes no formulario aplicado non se solicitou a indicación de datos persoais, senón un código de verificación consistente nos dous primeiros e últimos e letra final dos números de identidade e, de forma opcional, a conta de correo electrónico. Para asegurar o principio da absoluta confidencialidade no tratamento estatístico dos datos, como comprometido na solicitude de colaboración, as respostas da enquisa foron desvinculadas das contas de correo electrónico recibidas e do código de verificación asignado.

Posteriormente, a análise estatística dos datos foi realizada coa versión 24 do programa IBM SPSS Statistics, o que permitiu a análise de frecuencias e de tabelas cruzadas (proba chi-cuadrado) para determinar a existencia de relacións de significancia ou dependencia estatística. Esta proba compara a distribución observada dos datos coa esperada dos mesmos, o que permite determinar se unha variábel está asociada a outra ou se o valor observado dunha variábel depende doutra.

## 2. Estrutura do cuestionario

O cuestionario autoaplicado empregado neste estudo estaba estruturado en sete grandes bloques: información introdutoria, situación laboral anterior á realización do mestrado, situación actual, características do emprego actual, valoración do emprego actual, satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral e situación un ano após acabar os estudos de mestrado na UVigo no curso 2020/2021.

---

<sup>19</sup> 24/5/2023

<sup>20</sup> 5/6/2023 (primeira reiteración) e 13/6/2023 (segunda reiteración).

<sup>21</sup> 28/6/2023 (terceira reiteración).

<sup>22</sup> Levouse a cabo a depuración dos datos recollidos, consistente no tratamento dos datos perdidos e a análise dos valores atípicos.

### 2.1 Información introdutoria

O bloque 1 incorpora unha serie de datos de tipo de persoal e académico do suxeito inquirido. No tocante aos datos académicos o formulario incluíu cuestións sobre o perfil de ingreso en aspectos como as titulacións de acceso e universidade de procedencia, a realización de prácticas externas ou as motivacións principais para realizar os estudos de mestrado. Alén diso, a fin de actualizar a información de contacto da Base de Datos do Observatorio, solicitouse que as persoas inquiridas que así o desexaren facilitasen o seu enderezo de correo electrónico.

### 2.2 Situación laboral anterior á realización do mestrado

O bloque 2 recolle información sobre a experiencia laboral previa á realización do mestrado na UVigo, máis concretamente ao período de tempo comprendido entre a finalización da titulación de acceso e o inicio dos estudos do mestrado. Alén diso, inquiriu sobre a actividade laboral no momento de iniciar os estudos de mestrado a fin de determinar, entre outros aspectos, a conciliación entre traballo e os estudos de mestrado avaliados.

### 2.3 Informacións sobre a situación actual

O bloque 3 incorpora todas as informacións sobre a situación socio-laboral das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2020/2021 no momento de responder a enquisa. Aliás, recóllense as informacións máis relevantes relativas ao emprego como son o réxime de traballo (ou modalidade de contratación), tipo de contrato e de xornada, ben como a permanencia na situación socio-laboral actual.

### 2.4 Características do emprego actual

Para aquelas persoas que traballaban no momento de responder a enquisa no bloque 4 inquiriuse polo lugar do traballo e diversos aspectos sobre o emprego como a rama de actividade, sector económico, categoría profesional, área funcional de traballo/departamento, tamaño da empresa/entidade e ingresos, elementos que serven para determinar o perfil profesional.

### 2.5 Valoración do emprego actual

A valoración do emprego actual abórdase a partir da relación existente entre o posto de traballo e os estudos de mestrado realizados na UVigo, a relación entre as exixencias do emprego actual e o nivel académico adquirido nos estudos de mestrado realizados na UVigo e a satisfacción global co emprego actual.

### 2.6 Satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral

No bloque 6 todos os suxeitos da mostra valoraron, cunha escala de satisfacción do 1 (moi insatisfeito/a) a 5 (moi satisfeito/a), aspectos relativos aos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021 tanto do punto de vista académico (valoración global do mestrado realizado, competencias adquiridas e recomendación) como da inserción laboral (capacitación profesional, inserción laboral e nivel socio-laboral).

### 2.7 Situación un ano após acabar os estudos na UVigo no curso 2020/2021

O sétimo e último bloque inquiriu sobre a situación socio-laboral ao cabo de doce meses de completados os estudos de mestrado realizados no curso 2020/2021 en aspectos como o réxime do traballo, lugar do traballo, tipo de xornada e ingresos.

## 2.8 Pregunta aberta

Finalmente, deuse a posibilidade de as persoas inquiridas poderen expresar de maneira libre os seus comentarios sobre os aspectos ligados á enquisa e que non foran recollidos no cuestionario aplicado.

## 2.9 Esquema do cuestionario

O Cadro nº3 mostra, de forma esquemática, a estrutura do formulario autoaplicado.

Cadro nº3. Estructura do formulario autoaplicado

Bloques temáticos	Variábeis
<b>Datos persoais e académicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lugar de residencia actual</li> <li>- Título de mestrado obtido na UVigo no curso 2020/2021</li> <li>- Campus universitario</li> <li>- Perfil de ingreso</li> <li>- Motivacións para realizar o mestrado</li> <li>- Estudos de doutoramento realizados</li> </ul>
<b>Situación laboral anterior á realización do mestrado</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Experiencia laboral previa</li> <li>- Conciliación de estudos e traballo na altura de iniciar o mestrado</li> </ul>
<b>Situación socio-laboral actual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situación socio-laboral na altura de responder a enquisa</li> <li>- Modalidade de contratación</li> <li>- Tipo de contrato</li> <li>- Tipo de xornada</li> <li>- Tempo na situación actual</li> </ul>
<b>Características do emprego actual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lugar do traballo</li> <li>- Rama de actividade</li> <li>- Sector económico</li> <li>- Área funcional de traballo</li> <li>- Categoría profesional</li> <li>- Tamaño da empresa/entidade</li> <li>- Ingresos</li> </ul>
<b>Valoración do emprego actual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Satisfacción global co emprego actual</li> <li>- Adecuación temática</li> <li>- Sobrecualificación</li> </ul>
<b>Satisfacción coa empregabilidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da carreira profesional</li> <li>- Melloría da inserción laboral</li> <li>- Melloría do nivel socio-laboral</li> </ul>
<b>Satisfacción cos estudos realizados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Satisfacción global cos estudos realizados</li> <li>- Competencias adquiridas</li> <li>- Recomendación</li> </ul>
<b>Situación socio-laboral 12 meses após titularse</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situación socio-laboral ao cabo dun ano de realizar o mestrado</li> <li>- Lugar do traballo</li> <li>- Modalidade de contratación</li> <li>- Tipo de xornada</li> <li>- Ingresos</li> </ul>
<b>Pregunta aberta para deixar comentarios</b>	
<b>Datos persoais de contacto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- E-mail de contacto actualizado (opcional)</li> </ul>

### 3. Poboación e mostra

Os seguintes cadros mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

#### 3.1 Persoas

Dun total de 1155 persoas tituladas no curso 2020/2021, recolléronse un total de 258 respostas válidas correspondentes a persoas tituladas en estudos de mestrado da UVigo en dita promoción.

#### 3.2 Sexo

A mostra obtida de persoas inquiridas, ao igual que a poboación, é paritaria, ao estar composta por un 56,2% de mulleres e 43,8% de homes.

*Cadro nº4. Tamaño da poboación e mostra segundo o sexo*

	Poboación	Mostra
Home	474	113
Muller	681	145
<b>Total</b>	<b>1155</b>	<b>258</b>

*Cadro nº5. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o sexo*

	Poboación	Mostra
Home	41,0	43,8
Muller	59,0	56,2

#### 3.3 Campus universitario

A mostra obtida distribúese, en concordancia coa poboación, segundo a seguinte secuencia: Vigo (69,8%), Ourense (16,3%) e Pontevedra (14,0%).

*Cadro nº6. Tamaño da poboación e mostra segundo o campus universitario*

	Poboación	Mostra
Ourense	224	42
Pontevedra	199	36
<b>Vigo</b>	<b>732</b>	<b>180</b>

*Cadro nº7. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o campus universitario*

	Poboación	Mostra
Ourense	19,4	16,3
Pontevedra	17,2	14,0
<b>Vigo</b>	<b>63,4</b>	<b>69,8</b>

#### 3.4 Ramas de coñecemento

A selección da mostra realizouse consoante un procedemento aleatorio estratificado, sendo a variábel de estratificación a porcentaxe de persoas tituladas no curso académico 2020/2021 en cada unha das cinco ramas de coñecemento<sup>23</sup>: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Enxeñaría e Arquitectura ou Tecnolóxica e Ciencias Sociais e Xurídicas ou Xurídico-Social.

O cadro nº8 detalla o tamaño da poboación e mostra obtida de persoas tituladas da UVigo durante o curso académico 2020/2021 para cada ámbito académico.

<sup>23</sup> Definidas polo Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

Cadro nº8. Tamaño da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	Poboación	Mostra
Artes e Humanidades	73	25
Ciencias da Saúde	24	4
Científica	84	22
Tecnolóxica	225	64
Xurídico-Social	749	143

O cadro nº9 mostra a distribución porcentual da poboación e mostra por ámbitos académicos.

Cadro nº9. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo a rama de coñecemento

	% Poboación	% Mostra
Artes e Humanidades	6,3	9,7
Ciencias da Saúde	2,1	1,6
Científica	7,3	8,5
Tecnolóxica	19,5	24,8
Xurídico-Social	64,8	55,4

Os mestrados universitarios correspondentes a cada unha das ramas neste estudo pódense consultar no Anexo 4.

Na mostra obtida predominan as persoas tituladas en mestrados do ámbito Xurídico-Social (55,4%). Cunha porcentaxe inferior mais tamén significativa, destacan os titulados/as do ámbito Tecnolóxico (24,8%) seguidos, a máis distancia, por Artes e Humanidades (9,7%) e Científico (8,5%). Finalmente, cunha porcentaxe moito menor, áchanse os estudos dos ámbitos de Ciencias da Saúde (1,6%).

Constátase que na mostra obtida existe sobrerrepresentación de persoas tituladas en estudos da rama Tecnolóxica a custa da Xurídico-Social.

### 3.5 Estudos de mestrado

Neste apartado é comparada a proporción de persoas tituladas en estudos de mestrado existente na poboación e na mostra obtida no curso 2020/2021.

Cadro nº10. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo os estudos de mestrado

	% Poboación	% Mostra
Acuicultura	0,69	1,16
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	1,99	2,33
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	0,09	-
Arte Contemporánea	0,17	-
Avogacía	6,32	5,43
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	0,35	1,16
Bioloxía Mariña	0,87	1,16
Biotecnoloxía Avanzada	1,30	2,71
Ciberseguridade	0,61	1,16
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	1,73	-
Comercio Internacional	2,68	3,49
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	1,21	0,78
Deseño e Dirección Creativa en Moda	0,35	0,78
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	1,65	0,39
Dirección de Arte en Publicidade	2,68	2,33

Dirección de PEMES	1,65	0,39
Dirección e Administración de Empresas	2,94	0,39
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	2,94	3,49
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	1,39	-
Dirección Integrada de Proxectos	0,52	-
Dirección Pública e Liderado Institucional	1,99	1,55
Dirección TIC para a Defensa	1,65	-
Economía	0,17	-
Enerxía e Sustentabilidade	0,17	0,39
Enxeñaría da Automoción	2,60	1,94
Enxeñaría de Minas	1,21	1,94
Enxeñaría de Telecomunicación	1,04	1,94
Enxeñaría Industrial	3,29	5,43
Enxeñaría Informática	0,69	1,55
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,61	1,55
Finanzas	1,73	0,78
Industria 4.0	0,52	0,39
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	2,51	1,55
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	1,39	1,55
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,52	-
Investigación Química e Química Industrial	1,04	1,16
Lingüística Aplicada	0,69	2,33
Matemática Industrial	0,43	1,16
Mecatrónica	1,04	1,94
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	1,90	0,39
Nanociencia e Nanotecnoloxía	0,35	0,39
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	2,86	3,10
Neurociencia	0,35	0,78
Nutrición	1,04	0,39
Oceanografía	0,87	0,78
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	0,17	-
Prevenção de Riscos Laborais	3,12	3,49
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	23,03	22,48
Química Teórica e Modelización Computacional	0,09	0,39
Tradución Multimedia	2,08	2,71
Tradución para a Comunicación Internacional	1,65	2,33
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0,69	-
Xenómica e Xenética	0,69	-
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	1,73	0,39
Xestión e Dirección Laboral	1,65	2,71
Xestión Empresarial do Deporte	2,34	5,43

#### 4. Ficha Técnica

Ámbito do estudo: Universidade de Vigo. A poboación de interese non se pode encadrar nun ámbito xeográfico concreto, dado que as persoas tituladas desta institución académica no curso académico 2020/2021 non son necesariamente residentes nunha zona específica.

Poboación: Persoas tituladas que finalizaron os seus estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título de mestrado no curso académico 2020/2021.

Mostra recollida: 258 cuestionarios.

Estratificación: Para o total da mostra leváronse en conta as variábeis de segmentación sexo, lugar de residencia, campus (se proceder), ámbitos académicos e mestrado obtido. Para as persoas que traballaban no momento de responder a enquisa a estratificación aplicouse á modalidade de contratación e tipo de contrato, lugar do traballo, rama de actividade, sector económico, área funcional de traballo (departamento), categoría profesional e tamaño da empresa/entidade.

Procedemento de recolla da información: As enquisas foron remitidas por correo electrónico a unha lista de persoas tituladas da UVigo que deran o seu consentimento explícito para formar parte da Base de Datos do Observatorio no momento de solicitar o seu título. O cuestionario tamén foi difundido en redes sociais propias, captándose os datos nun formulario aloxado na Web do Observatorio de Persoas Tituladas.

Erro: Para un nivel de confianza de 95%, e  $p=q$ , o erro real é de  $\pm 5,379\%$  para o conxunto da mostra<sup>24</sup> e supondo mostraxe aleatoria simples<sup>25</sup>.

Datas de realización: De 30 de maio a 17 de xullo de 2023.

---

<sup>24</sup> Erro de  $\pm 3,883\%$  considerando os contactos rexistrados na Base de Datos do Observatorio (rexistros con consentimentos explícitos de 441 persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2020/2021)

<sup>25</sup> Baixo as mesmas hipóteses, a seguir reflíctese a distribución de erros mostrais por rama de coñecemento: Artes e Humanidades (0,16003), Ciencias da Saúde (0,45692), Científica (0,18058, Tecnolóxica (0,10385) e Xurídico-Social (0,07376).



## 1. Datos persoais

### 1.1 Sexo

Na mostra avaliada existe paridade, cun 56,2% de mulleres contra 43,8% de homes, tal como mostra o cadro nº5.

### 1.2 Idade

A mostra avaliada ten unha idade media de 31,98 anos, máis alta en homes (32,42 anos) que en mulleres (31,65 anos), aínda que a mediana sexa a mesma (29 anos). A idade máis frecuente (moda) é 27 anos, maior en homes (29 anos) que en mulleres (25 anos).

Por faixas de idade, case a metade (46,6%) áchase entre 26 e 30 anos (50,6% de homes contra 43,6% de mulleres) seguido, a máis distancia, polo rango entre 31 e 35 anos (16,1%) e 12,4% entre 23 e 25 anos (18,2% de mulleres contra 4,8% de homes). Unha cuarta parte (25,9%) ten entre 30 e 40 anos e 10,9% entre 41 e 50 anos.

Cadro nº11. Estatísticos de Idade das persoas tituladas

	%	Home	Muller
<b>23-25 anos</b>	12,4	4,8	18,2
<b>26-30 anos</b>	46,6	50,6	43,6
<b>31-35 anos</b>	16,1	18,1	14,5
<b>36-40 anos</b>	9,8	9,6	10,0
<b>41-50 anos</b>	10,9	13,3	9,1
<b>Máis de 50 anos</b>	4,1	3,6	4,5
<b>Media</b>	31,98	32,42	31,65
<b>Moda</b>	27	29	25
<b>Mediana</b>	29	29	29
<b>Desviación</b>	7,585	7,299	7,81
<b>Máximo</b>	58	53	58
<b>Mínimo</b>	24	24	25

### 1.3 Lugar de residencia actual

A maioría de persoas tituladas (89,5%) reside actualmente en Galicia, contra outras comunidades autónomas (6,6%) e o estranxeiro (3,9%).

Por sexos, tal como mostra o Cadro nº12, a taxa de emigración<sup>26</sup> masculina (15,1%) duplica a feminina (6,9%), sendo significativamente menor a proporción de mulleres residentes no estranxeiro (1,4% contra 7,1%).

Cadro nº12. Lugar de residencia actual


	%	Home	Muller
<b>Galicia</b>	89,5	85,0	93,1
<b>Outra comunidade autónoma</b>	6,6	8,0	5,5
<b>Resto do mundo</b>	3,9	7,1	1,4

#### 1.3.1 Persoas tituladas residentes en Galicia

##### 1.3.1.1 Provincias

O 84,0% reside nas provincias de Pontevedra (70,6%) e Ourense (13,4%).

<sup>26</sup> Persoas tituladas residentes fóra de Galicia.




Creado con Datawrapper

Mapa n°1. Persoas tituladas residentes en Galicia por provincias

### 1.3.1.2 Concellos

A mostra obtida distribúese en 56 concellos, mormente en Vigo (32,5%), seguido por Ourense e Pontevedra (10,4% ambos) e, a máis distancia, Pontearreas (3,9%), Santiago de Compostela (3,5%), A Coruña e Salceda de Caselas (2,1% ambos).



Datos do mapa: CNIG - Creado con Datawrapper


Mapa n°2. Persoas tituladas residentes en Galicia por concellos

[> Visualizar datos](#)

### 1.3.2 Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

#### 1.3.2.1 Comunidades autónomas


O 47,0% concéntrase en dúas comunidades autónomas: Andalucía e Comunidade de Madrid (23,5% ambas), seguidas por Castela e León e Principado de Asturias (11,8 ambas), Canarias, Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana e Illas Baleares (5,9% cada unha).



Mapa nº3. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas

> [Visualizar datos](#)

#### 1.3.2.2 Provincias




Mapa nº4. Persoas tituladas residentes noutras comunidades autónomas por provincias

> [Visualizar datos](#)

Das 12 provincias con presenza de titulados/as en mestrado da UVigo destacan Madrid (23,5%), Asturias e Málaga (11,8% ambas).

### 1.3.3 Persoas tituladas residentes no resto do mundo

Dos 10 países con presenza de titulados/as en mestrado da UVigo no curso 2020/2021 destaca Portugal (20,0%).



Creado con Datawrapper

Mapa nº5. Persoas tituladas residentes no estranxeiro

[> Visualizar datos](#)

## 2. Datos académicos

### 2.1 Ramas de coñecemento

A maioría realizou mestrados da rama Xurídico-Social (55,4%), seguida pola Tecnolóxica (24,8%). A máis distancia destacan Artes e Humanidades (9,7%), Científica (8,5%) e, en menor proporción, Ciencias da Saúde (1,6%).

Cadro nº13. Persoas tituladas segundo a rama de coñecemento

	%	Home	Muller
<b>Artes e Humanidades</b>	9,7	3,5	14,5
<b>Ciencias da Saúde</b>	1,6	1,8	1,4
<b>Científico</b>	8,5	5,3	11,0
<b>Tecnolóxico</b>	24,8	39,8	13,1
<b>Xurídico-Social</b>	55,4	49,6	60,0

Por sexo, consoante o Cadro nº13, é significativo referir que a maioría de mulleres realizou mestrados da rama Xurídico-Social (60,0%), seguido a máis distancia por Artes e Humanidades (14,5%), Tecnolóxica (13,1%) e Científica (11,0%). Porén, case metade de homes (49,6%) realizou mestrados da rama Xurídico-Social, seguidos pola Tecnolóxica (39,8%) e, a máis distancia, Científica (5,3%).

Os resultados da distribución das ramas de coñecemento por sexo pódense consultar no Cadro nº14.

Cadro nº14. Distribución da rama de coñecemento por sexo

	Home	Muller
<b>Artes e Humanidades</b>	16,0	84,0
<b>Ciencias da Saúde</b>	50,0	50,0
<b>Científico</b>	27,3	72,7
<b>Tecnolóxico</b>	70,3	29,7
<b>Xurídico-Social</b>	39,2	60,8

Existe sobrerrepresentación feminina nas ramas de Artes e Humanidades (84,0%) e Científica (72,7%), sobrerrepresentación masculina na Tecnolóxica (70,3%) e paridade en Ciencias da Saúde e Xurídico-Social.

#### 2.1.1 Rama de coñecemento segundo o lugar de residencia

A mobilidade xeográfica é máis frecuente entre os titulados/as da ramas de Artes e Humanidades (16,0%) e Científica (13,6%) contra a nula en Ciencias da Saúde. Salvo na rama Tecnolóxica, a emigración a outras comunidades autónomas supera ao estranxeiro.

Cadro nº15. Lugar de residencia segundo a rama de coñecemento

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
<b>Artes e Humanidades</b>	84,0	12,0	4,0
<b>Ciencias da Saúde</b>	100,0	0,0	0,0
<b>Científico</b>	86,4	9,1	4,5
<b>Tecnolóxico</b>	90,6	4,7	4,7
<b>Xurídico-Social</b>	90,2	6,3	3,5

### 2.1.2 Rama de coñecemento segundo a idade

A idade media das persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2020/2021 é maior nas que realizaron as ramas Xurídico-Social I (23,42 anos), Tecnolóxica (31,15 anos) e Artes e Humanidades (29,55 anos) contra a mínima na Científica (28,38 anos) e Artes e en Ciencias da Saúde (28,67 anos).

Cadro nº16. Estatísticos de idade segundo a rama de coñecemento

	Media	Mediana	Desviación	Mínimo	Máximo
Artes e Humanidades	29,55	26	7,763	25	51
Ciencias da Saúde	28,67	28	3,055	26	32
Científico	28,38	27	4,334	25	43
Tecnolóxico	31,15	29	6,095	26	50
Xurídico-Social	33,42	30,5	8,268	24	58

## 2.2 Campus universitario

### 2.2.1 Resultados globais e por sexo

A maioría das persoas tituladas realizaron os seus estudos no Campus de Vigo (69,8%) contra o de Pontevedra (14,0%) e Ourense (16,3%). É significativa a maior proporción de mulleres tituladas no Campus de Pontevedra (17,9% contra 8,8%) e de homes no de Ourense (20,4% contra 13,1%).

Cadro nº17. Persoas tituladas segundo o campus universitario

	%	Home	Muller
Ourense	16,3	20,4	13,1
Pontevedra	14,0	8,8	17,9
Vigo	69,8	70,8	69,0

Segundo mostra o Cadro nº18, existe sobrerrepresentación feminina na mostra avaliada de persoas tituladas no campus de Pontevedra (72,2%) e paridade no resto.

Cadro nº18. Distribución de sexo segundo o campus universitario

	Home	Muller
Ourense	54,8	45,2
Pontevedra	27,8	72,2
Vigo	44,4	55,6

### 2.2.2 Campus universitario segundo a rama de coñecemento

O ámbito Xurídico-Social é maioritario nos campus de Pontevedra (94,4%) e Ourense (88,1%), atinxindo o mínimo de 40,0% en Vigo, onde un terzo da mostra pertence á Tecnolóxica.

Cadro nº19. Ramas de coñecemento segundo o campus universitario

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Artes e Humanidades	0,0	5,6	12,8
Ciencias da Saúde	2,4	0,0	1,7
Científico	0,0	0,0	12,2
Tecnolóxico	9,5	0,0	33,3
Xurídico-Social	88,1	94,4	40,0

## 2.3 Estudos de mestrado realizados

### 2.3.1 Resultados globais

Segundo mostra o Cadro nº10 os estudos de mestrado máis frecuentes na mostra avaliada neste estudo son Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (22,5%), seguidos, a máis distancia por Avogacía, Enxeñaría Industrial e Xestión Empresarial do Deporte (5,4% cada un), Comercio Internacional, Dirección e Innovación da Cadea de Subministración e en Prevención de Riscos Laborais (3,5% cada un), Necesidades Específicas de Apoio Educativo (3,1%), Biotecnoloxía Avanzada, Tradución Multimedia e en Xestión e Dirección Laboral (2,7% cada un).

Polo contrario, os estudos con menos presenza<sup>27</sup> foron os mestrados en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos, Dirección de PEMES, Dirección e Administración de Empresas (MBA), Enerxía e Sustentabilidade, Industria 4.0, Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social, Nanociencia e Nanotecnoloxía, Nutrición, Química Teórica e Modelización Computacional e en Xestión do Desenvolvemento Sustentábel (0,4% cada un).

### 2.3.2 Análise por sexo

#### 2.3.2.1 Estudos de mestrado segundo o sexo

O Cadro nº20 mostra, en orde decrecente, os títulos de mestrado máis frecuentes en homes e mulleres. Mentres que en mulleres son máis frecuentes Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (28,9% contra 15,0%) en homes é significativa a maior proporción en Xestión Empresarial do Deporte (11,5% contra 0,7%) e en Enxeñaría Industrial (10,6% contra 1,4%).

Cadro nº20. Estudos de mestrado máis frecuentes segundo o sexo

Home		Muller	
Mestrado	%	Mestrado	%
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	15,0	Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	28,9
Xestión Empresarial do Deporte	11,5	Necesidades Específicas de Apoio Educativo	5,6
Enxeñaría Industrial	10,6	Avogacía	4,9
Avogacía	6,2	Comercio Internacional	4,2
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	5,3	Biotecnoloxía Avanzada	4,2
Enxeñaría da Automoción	4,4	Tradución Multimedia	4,2
Mecatrónica	4,4	Prevención de Riscos Laborais	3,5
Administración Integrada de Empresas e RSC	3,5	Lingüística Aplicada	3,5
Prevención de Riscos Laborais	3,5	Tradución para a Comunicación Internacional	3,5
Ciberseguridade	2,7	Xestión e Dirección Laboral	2,8

#### 2.3.2.2 Sexo segundo os estudos de mestrado

Segundo a distribución por sexo, os estudos de mestrado foron agrupados en cinco categorías: titulacións exclusivamente femininas, con predominio feminino, paritarias<sup>28</sup>, exclusivamente masculinas e con predominio masculino.

<sup>27</sup> Sen mostra nos estudos de mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, Arte Contemporánea, Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental, Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde, Dirección Integrada de Proxectos, Dirección TIC para a Defensa, Economía; Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde; Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados; Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e en Xenómica e Xenética.

<sup>28</sup> Titulacións en que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nen superiores a 60%.

Titulacións exclusivamente femininas: En 10 dos 45 mestrados a mostra obtida está formada integramente por mulleres: Bioloxía Mariña, Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais, Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos, Dirección de PEMES, Dirección e Administración de Empresas (MBA), Enerxía e Sustentabilidade, Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social, Necesidades Específicas de Apoio Educativo e en Nutrición.

Titulacións con sobrerrepresentación feminina: En 11 mestrados da mostra obtida existe sobrerrepresentación feminina.

*Cadro nº21. Estudos de mestrado con sobrerrepresentación feminina*

	<b>% muller</b>
<b>Biotecnoloxía Avanzada</b>	85,7
<b>Tradución Multimedia</b>	85,7
<b>Lingüística Aplicada</b>	83,3
<b>Tradución para a Comunicación Internacional</b>	83,3
<b>Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos</b>	75,0
<b>Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria</b>	75,0
<b>Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas</b>	70,7
<b>Comercio Internacional</b>	66,7
<b>Dirección de Arte en Publicidade</b>	66,7
<b>Investigación Química e Química Industrial</b>	66,7
<b>Matemática Industrial</b>	66,7

Titulacións paritarias: En 9 mestrados existe presenza paritaria por sexos:

- Enxeñaría de Telecomunicación
- Xestión e Dirección Laboral
- Prevención de Riscos Laborais
- Avogacía
- Deseño e Dirección Creativa en Moda
- Finanzas
- Neurociencia
- Oceanografía
- Enxeñaría de Minas

Titulacións exclusivamente masculinas: A mostra de once mestrados está formada integramente por homes:

- Enxeñaría da Automoción
- Mecatrónica
- Ciberseguridade
- Industria 4.0
- Nanociencia e Nanotecnoloxía
- Química Teórica e Modelización Computacional
- Xestión do Desenvolvemento Sustentábel

Sobrerrepresentación masculina: Un total de 7 mestrados presentan un predominio masculino.



Cadro nº22. Estudos de mestrado con predominio masculino

	% home
Xestión Empresarial do Deporte	92,9
Enxeñaría Industrial	85,7
Dirección Pública e Liderado Institucional	75,0
Enxeñaría Informática	75,0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	66,7
Administración Integrada de Empresas e RSC	66,7
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	66,7

O Cadro nº23 reflicte a distribución porcentual de sexo por titulacións tanto na poboación como na mostra obtida.

Cadro nº23. Distribución de sexo da poboación e mostra segundo os estudos de mestrado

	Poboación		Mostra	
	Home	Muller	Home	Muller
Acuicultura	37,5	62,5	0,0	100,0
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	43,5	56,5	66,7	33,3
Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	100,0	0,0	-	-
Arte Contemporánea	0,0	100,0	-	-
Avogacía	45,2	54,8	50,0	50,0
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	50,0	50,0	66,7	33,3
Bioloxía Mariña	40,0	60,0	0,0	100,0
Bioteoloxía Avanzada	33,3	66,7	14,3	85,7
Ciberseguridade	100,0	0,0	100,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	40,0	60,0	-	-
Comercio Internacional	12,9	87,1	33,3	66,7
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	0,0	100,0	0,0	100,0
Deseño e Dirección Creativa en Moda	25,0	75,0	50,0	50,0
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	5,3	94,7	0,0	100,0
Dirección de Arte en Publicidade	19,4	80,6	33,3	66,7
Dirección de PEMES	36,8	63,2	0,0	100,0
Dirección e Administración de Empresas	58,8	41,2	0,0	100,0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	47,1	52,9	66,7	33,3
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	12,5	87,5	-	-
Dirección Integrada de Proxectos	33,3	66,7	-	-
Dirección Pública e Liderado Institucional	69,6	30,4	75,0	25,0
Dirección TIC para a Defensa	94,7	5,3	-	-
Economía	100,0	0,0	-	-
Enerxía e Sustentabilidade	50,0	50,0	0,0	100,0
Enxeñaría da Automoción	86,7	13,3	100,0	0,0
Enxeñaría de Minas	50,0	50,0	60,0	40,0
Enxeñaría de Telecomunicación	75,0	25,0	40,0	60,0
Enxeñaría Industrial	84,2	15,8	85,7	14,3
Enxeñaría Informática	75,0	25,0	75,0	25,0
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,0	100,0	0,0	100,0
Finanzas	50,0	50,0	50,0	50,0
Industria 4.0	66,7	33,3	100,0	0,0
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	13,8	86,2	25,0	75,0
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	12,5	87,5	25,0	75,0
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	66,7	33,3		
Investigación Química e Química Industrial	41,7	58,3	33,3	66,7

Lingüística Aplicada	12,5	87,5	16,7	83,3
Matemática Industrial	60,0	40,0	33,3	66,7
Mecatrónica	91,7	8,3	100,0	0,0
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	13,6	86,4	0,0	100,0
Nanociencia e Nanotecnoloxía	25,0	75,0	100,0	0,0
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	18,2	81,8	0,0	100,0
Neurociencia	50,0	50,0	50,0	50,0
Nutrición	41,7	58,3	0,0	100,0
Oceanografía	40,0	60,0	50,0	50,0
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados	100,0	0,0	-	-
Prevenção de Riscos Laborais	41,7	58,3	44,4	55,6
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	34,2	65,8	29,3	70,7
Química Teórica e Modelización Computacional	100,0	0,0	100,0	0,0
Tradución Multimedia	20,8	79,2	14,3	85,7
Tradución para a Comunicación Internacional	15,8	84,2	16,7	83,3
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	50,0	50,0	-	-
Xenómica e Xenética	50,0	50,0	-	-
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	35,0	65,0	100,0	0,0
Xestión e Dirección Laboral	36,8	63,2	42,9	57,1
Xestión Empresarial do Deporte	77,8	22,2	92,9	7,1

### 2.3.3 Idade

A idade media das persoas tituladas no curso 2020/2021 supera os 40 anos en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social (58,00 anos), Industria 4.0 (47,00 anos), Dirección Pública e Liderado Institucional (44,00 anos), Dirección e Administración de Empresas (43,00 anos) e en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais (41,00 anos).

Polo contrario, a idade media é menor en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos (25,00 anos), Tradución para a Comunicación Internacional (25,33 anos), Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións e en Oceanografía (25,50 anos ambos).

O rexistro de máxima idade (58 anos) produciuse entre as persoas tituladas en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social, seguidos por 53 anos en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas contra o mínimo de 24 anos no mestrado en Comercio Internacional.

Cadro nº24. Estatísticos de idade segundo os estudos de mestrado

	Media	Mediana	Desviación	Mínimo	Máximo
Acuicultura	28,00	28	1,000	27	29
Administración Integrada de Empresas e RSC	31,20	27	10,010	25	49
Avogacía	29,33	27	4,207	26	40
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	38,00	38	7,071	33	43
Bioloxía Mariña	27,00	27	1,414	26	28
Bioteconoloxía Avanzada	27,00	27	1,225	26	29
Ciberseguridade	29,50	29,5	4,950	26	33
Comercio Internacional	30,00	29	5,477	24	41
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	41,00	41	2,828	39	43
Deseño e Dirección Creativa en Moda	32,00	32	.	32	32
Dirección de Arte en Publicidade	34,67	38	6,658	27	39
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	43,00	43	.	43	43

Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	34,50	33,5	6,211	26	43
Dirección Pública e Liderado Institucional	44,00	47	9,764	30	52
Enxeñaría da Automoción	28,75	28,5	2,500	26	32
Enxeñaría de Minas	28,25	28,5	0,957	27	29
Enxeñaría de Telecomunicación	28,25	27,5	2,630	26	32
Enxeñaría Industrial	27,22	27	1,202	26	30
Enxeñaría Informática	30,50	30,5	1,732	29	32
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	25,50	25,5	0,577	25	26
Finanzas	28,50	28,5	4,950	25	32
Industria 4.0	47,00	47	.	47	47
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	25,00	25	0,000	25	25
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	30,67	29	4,726	27	36
Investigación Química e Química Industrial	28,00	28	.	28	28
Lingüística Aplicada	35,00	31,5	11,507	25	51
Matemática Industrial	27,33	27	1,528	26	29
Mecatrónica	29,00	29	.	29	29
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	58,00	58	.	58	58
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	26,43	25	2,573	25	32
Neurociencia	28,00	28	.	28	28
Nutrición	32,00	32	.	32	32
Oceanografía	25,50	25,5	0,707	25	26
Prevenção de Riscos Laborais	39,40	39	9,072	30	50
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	33,98	32	7,478	25	53
Tradución Multimedia	28,50	26	5,857	25	40
Tradución para a Comunicación Internacional	25,33	25	0,577	25	26
Xestión e Dirección Laboral	26,75	26,5	2,062	25	29
Xestión Empresarial do Deporte	38,86	37,5	9,063	25	51

### 2.3.4 Campus universitario

A seguir móstrase a distribución por campus dos estudos de mestrado impartidos en máis dunha sede universitaria:

- Avogacía: Na mostra obtida existe maioría de persoas tituladas do Campus de Vigo (57,1%) contra Ourense (42,9%).
- Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas: Maioría (62,1%) no Campus de Vigo seguido por Ourense (20,7%) e Pontevedra (17,2%).

O Cadro nº25 reflicte a distribución da mostra por titulacións e campus universitario.

Cadro nº25. Distribución de campus universitario segundo os estudos de mestrado

	Ourense	Pontevedra	Vigo
Acuicultura	0,0	0,0	100,0
Administración Integrada de Empresas e RSC	0,0	0,0	100,0
Avogacía	42,9	0,0	57,1
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	0,0	0,0	100,0
Biloxía Mariña	0,0	0,0	100,0
Bioteconoloxía Avanzada	0,0	0,0	100,0
Ciberseguridade	0,0	0,0	100,0
Comercio Internacional	0,0	0,0	100,0
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	0,0	100,0	0,0
Deseño e Dirección Creativa en Moda	0,0	100,0	0,0
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	100,0	0,0	0,0
Dirección de Arte en Publicidade	0,0	100,0	0,0
Dirección de PEMES	0,0	0,0	100,0
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	0,0	0,0	100,0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	0,0	0,0	100,0
Dirección Pública e Liderado Institucional	0,0	100,0	0,0

Energía e Sustentabilidade	0,0	0,0	100,0
Enxeñaría da Automoción	0,0	0,0	100,0
Enxeñaría de Minas	0,0	0,0	100,0
Enxeñaría de Telecomunicación	0,0	0,0	100,0
Enxeñaría Industrial	0,0	0,0	100,0
Enxeñaría Informática	100,0	0,0	0,0
Estudios Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,0	0,0	100,0
Finanzas	0,0	0,0	100,0
Industria 4.0	0,0	0,0	100,0
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	100,0	0,0	0,0
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	0,0	100,0	0,0
Investigación Química e Química Industrial	0,0	0,0	100,0
Lingüística Aplicada	0,0	0,0	100,0
Matemática Industrial	0,0	0,0	100,0
Mecatrónica	0,0	0,0	100,0
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	0,0	0,0	100,0
Nanociencia e Nanotecnoloxía	0,0	0,0	100,0
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	0,0	100,0	0,0
Neurociencia	0,0	0,0	100,0
Nutrición	100,0	0,0	0,0
Oceanografía	0,0	0,0	100,0
Prevenición de Riscos Laborais	0,0	0,0	100,0
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	20,7	17,2	62,1
Química Teórica e Modelización Computacional	0,0	0,0	100,0
Tradución Multimedia	0,0	0,0	100,0
Tradución para a Comunicación Internacional	0,0	0,0	100,0
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	0,0	0,0	100,0
Xestión e Dirección Laboral	0,0	0,0	100,0
Xestión Empresarial do Deporte	100,0	0,0	0,0

#### 2.3.4 Lugar de residencia

A residencia fóra de Galicia abranxe todos os titulados/as en Dirección e Administración de Empresas (MBA), ben como a tres cuartas partes en Dirección Pública e Liderado Institucional, dúas terceiras partes en Bioloxía Mariña e metade en Deseño e Dirección Creativa de Moda e en Oceanografía. A máis distancia, áchanse os titulados/as en Oceanografía (25,0%), Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (22,2%), Dirección e Innovación da Cadea de Subministración (21,4%), Enxeñaría da Automoción e Enxeñaría de Telecomunicación (20,0% ambos).

Residen en Galicia máis a totalidade de persoas tituladas en 27 dos 45 títulos avaliados, ben como máis de 90% en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (93,1%), Avogacía e Enxeñaría Industrial (92,9% ambos).

A emigración ao estranxeiro abranxe metade de titulados/as en Oceanografía, unha cuarta parte en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións e en Dirección Pública e Liderado Institucional, 20,0% en Enxeñaría de Telecomunicación, 14,3% en Xestión Empresarial do Deporte e 11,1% en Dirección e Innovación da Cadea de Subministración.

O Cadro nº26 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia das persoas tituladas que integran a mostra segundo o mestrado obtido no curso 2020/2021.

Cadro nº26. Lugar de residencia segundo os estudos de mestrado

	Galicia	Outra comunidade autónoma	Resto do mundo
Acuicultura	100,0	0,0	0,0
Administración Integrada de Empresas e RSC	83,3	16,7	0,0
Avogacía	92,9	0,0	7,1
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	100,0	0,0	0,0
Bioloxía Mariña	33,3	66,7	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	100,0	0,0	0,0
Ciberseguridade	100,0	0,0	0,0
Comercio Internacional	100,0	0,0	0,0
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	100,0	0,0	0,0
Deseño e Dirección Creativa en Moda	50,0	50,0	0,0
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	100,0	0,0	0,0
Dirección de Arte en Publicidade	83,3	16,7	0,0
Dirección de PEMES	100,0	0,0	0,0
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	0,0	100,0	0,0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	77,8	11,1	11,1
Dirección Pública e Liderado Institucional	25,0	50,0	25,0
Enxeñaría da Automoción	80,0	20,0	0,0
Enxeñaría de Minas	100,0	0,0	0,0
Enxeñaría de Telecomunicación	80,0	0,0	20,0
Enxeñaría Industrial	92,9	0,0	7,1
Enxeñaría Informática	100,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	75,0	0,0	25,0
Finanzas	100,0	0,0	0,0
Industria 4.0	100,0	0,0	0,0
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	100,0	0,0	0,0
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	100,0	0,0	0,0
Investigación Química e Química Industrial	100,0	0,0	0,0
Lingüística Aplicada	83,3	16,7	0,0
Matemática Industrial	100,0	0,0	0,0
Mecatrónica	100,0	0,0	0,0
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	100,0	0,0	0,0
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	100,0	0,0	0,0
Neurociencia	100,0	0,0	0,0
Nutrición	100,0	0,0	0,0
Oceanografía	50,0	0,0	50,0
Prevenção de Riscos Laborais	88,9	11,1	0,0
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	93,1	5,2	1,7
Tradución Multimedia	100,0	0,0	0,0
Tradución para a Comunicación Internacional	83,3	16,7	0,0
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	100,0	0,0	0,0
Xestión e Dirección Laboral	100,0	0,0	0,0
Xestión Empresarial do Deporte	78,6	7,1	14,3

## 2.4 Perfil de ingreso

Enténdese como perfil de ingreso recomendado dun estudante de mestrado<sup>29</sup> como as características persoais e académicas que debe ter unha persoa titulada para cursar un determinado mestrado. A formación previa do estudante antes de cursar o mestrado condiciona o acceso e a súa traxectoria académica.

O estudante antes de acceder ao mestrado necesita cumprir as características académicas requiridas nos criterios de acceso e admisión do título e, por outro lado, dependendo da formación previa inicial do estudante, este terá que cursar ou non complementos formativos para garantir a correcta adquisición das competencias propostas no mestrado.

Este apartado analiza o perfil de ingreso dos titulados en estudos de mestrado da UVigo no curso 2020/2021, centrándose na/s titulación/s cursada/s previas ao mestrado e no ano de finalización da referida titulación.

### 2.4.1 Número de titulacións cursadas previas á realización do mestrado

#### 2.4.1.1 Resultados globais e por sexo

O 84,1% de persoas tituladas en estudos de mestrado da UVigo no curso 2020/2021 cursaron unha única titulación previa, un 13,6% e 2,3%, respectivamente, referiron teren dúas ou mesmo tres titulacións previas, como se pode observar no Cadro nº27. Por sexo os homes realizaron máis dunha titulación (18,6% contra 13,7% de mulleres), o que, en número de titulacións se traduce nunha media feminina (1,17) levemente inferior á masculina (1,19).

Cadro nº27. Número de titulacións cursadas previas á realización do mestrado

	%	Home	Muller
<b>Unha titulación previa</b>	84,1	81,4	86,2
<b>Dúas titulacións previas</b>	13,6	17,7	10,3
<b>Tres titulacións previas</b>	2,3	0,9	3,4
<b>Nº de titulacións (media)</b>	1,18	1,19	1,17
<b>Desviación</b>	0,443	0,420	0,462

#### 2.4.1.2 Número de titulacións cursadas previas á realización do mestrado segundo a rama de coñecemento

Cursaron máis titulacións previas aos estudos de mestrado na UVigo no curso 2020/2021 as persoas tituladas en estudos de mestrado das ramas Xurídico-Social (23,1% con máis de unha titulación) e de Artes e Humanidades (12,0%) contra o mínimo de unha única titulación en Ciencias da Saúde e Científica.

Cadro nº28. Número de titulacións cursadas previas á realización do mestrado segundo a rama de coñecemento

	Unha titulación	Dúas titulacións	Tres titulacións	Nº de titulacións media	Desviación
<b>Artes e Humanidades</b>	88,0	12,0	0,0	1,12	0,332
<b>Ciencias da Saúde</b>	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
<b>Científico</b>	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
<b>Tecnolóxico</b>	92,2	7,8	0,0	1,08	0,270
<b>Xurídico-Social</b>	76,9	18,9	4,2	1,27	0,533

<sup>29</sup> Segundo os criterios establecidos pola ACSUG.

2.4.1.3 Número de titulacións cursadas previas á realización do mestrado segundo os estudos realizados

Cursaron máis dunha titulación a totalidade os titulados/as en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais e en Industria 4.0, ben como o 42,9% en Xestión Empresarial do Deporte, un terzo en Comercio Internacional e en Tradución para a Comunicación Internacional, 32,8% en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas e unha cuarta parte en Dirección Pública e Liderado Institucional.

Cadro nº29. Número de titulacións cursadas previas á realización do mestrado segundo os estudos realizados

	Unha titulación	Dúas titulacións	Tres titulacións	Nº de titulacións	Desviación
Acuicultura	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Administración Integrada de Empresas e RSC	83,3	16,7	0,0	1,17	0,408
Avogacía	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Bioloxía Mariña	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Bioteecnoloxía Avanzada	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Ciberseguridade	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Comercio Internacional	66,7	22,2	11,1	1,44	0,726
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	0,0	50,0	50,0	2,50	0,707
Deseño e Dirección Creativa en Moda	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	100,0	0,0	0,0	1,00	.
Dirección de Arte en Publicidade	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Dirección de PEMES	100,0	0,0	0,0	1,00	.
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	100,0	0,0	0,0	1,00	.
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	88,9	11,1	0,0	1,11	0,333
Dirección Pública e Liderado Institucional	75,0	25,0	0,0	1,25	0,500
Enxeñaría da Automoción	80,0	20,0	0,0	1,20	0,447
Enxeñaría de Minas	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Enxeñaría de Telecomunicación	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Enxeñaría Industrial	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Enxeñaría Informática	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Finanzas	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Industria 4.0	0,0	100,0	0,0	2,00	.
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Investigación Química e Química Industrial	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Lingüística Aplicada	83,3	16,7	0,0	1,17	0,408
Matemática Industrial	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Mecatrónica	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	100,0	0,0	0,0	1,00	.
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Neurociencia	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Nutrición	100,0	0,0	0,0	1,00	.
Oceanografía	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Prevenção de Riscos Laborais	77,8	22,2	0,0	1,22	0,441
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	67,2	25,9	6,9	1,40	0,620
Tradución Multimedia	100,0	0,0	0,0	1,00	0,000
Tradución para a Comunicación Internacional	66,7	33,3	0,0	1,33	0,516
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	100,0	0,0	0,0	1,00	.
Xestión e Dirección Laboral	85,7	14,3	0,0	1,14	0,378
Xestión Empresarial do Deporte	57,1	42,9	0,0	1,43	0,514

Relativamente ao número de titulacións obtidas, este foi maior en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais (2,50), Industria 4.0 (2,00), Comercio Internacional (1,44), Xestión Empresarial do Deporte (1,43), Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (1,40) e en Tradución para a Comunicación Internacional (1,33). En 32 dos 45 estudos de mestrado avaliados as persoas tituladas posúen unha única titulación previa.

#### 2.4.1.4 Tipoloxía das titulacións cursadas previas á realización do mestrado

Segundo o tipo de título, entre as titulacións previamente cursadas é maioritaria a realización dun único grao (72,1%) seguida, a máis distancia, por un grao e un mestrado (7,4%), unha licenciatura (5,4%), unha enxeñaría e unha licenciatura e un mestrado (2,3% ambos), unha licenciatura e unha diplomatura (1,9%) e un PCEO (1,6%).

Cadro nº30. Tipo de titulacións cursadas previas á realización do mestrado

	Tipo de título	Total	Home	Muller
<b>Unha titulación</b>	Unha diplomatura	0,4	0,0	0,7
	Unha enxeñaría	2,3	1,8	2,8
	Unha enxeñaría técnica	1,2	2,7	0,0
	Un grao	72,1	69,9	73,8
	Unha licenciatura	5,4	4,4	6,2
	Un mestrado universitario	1,2	0,9	1,4
	Un PCEO (duplo grao)	1,6	1,8	1,4
<b>Dúas titulacións</b>	Unha enxeñaría e unha enxeñaría técnica	0,4	0,9	0,0
	Unha enxeñaría e un mestrado	0,4	0,9	0,0
	Un grao e unha diplomatura	0,4	0,0	0,7
	Un grao e unha licenciatura	0,4	0,9	0,0
	Un grao e un mestrado	7,4	9,7	5,5
	Unha licenciatura e unha diplomatura	1,9	2,7	1,4
	Unha licenciatura e un mestrado	2,3	2,7	2,1
	Dous mestrados	0,8	0,0	1,4
<b>Tres titulacións</b>	Unha enxeñaría e dous mestrados	0,4	0,0	0,7
	Un grao, unha diplomatura e un mestrado	0,4	0,9	0,0
	Dous graos e un mestrado	0,8	0,0	1,4
	Un grao e dous mestrados	0,4	0,0	0,7

#### 2.4.2 Titulación de acceso

A partir dos datos recollidos foi identificada a titulación de acceso; isto é, a máis relacionada cos contidos do mestrado realizado na UVigo no curso 2020/2021, o que permitiu analizala segundo a rama de coñecemento, tipoloxía de estudos e o ano de finalización.

Ao igual que os estudos de mestrado, as titulacións encádranse nas cinco ramas de coñecemento usadas neste estudo: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Tecnolóxica e Xurídico-Social.

##### 2.4.2.1 Resultados globais e por sexo

A maioría (81,4%) de persoas tituladas en estudos mestrado da UVigo no curso 2020/2021 ten un grao como titulación de acceso. A máis distancia, un 9,7% indicou unha licenciatura, en menor proporción unha enxeñaría (3,5%) e outro mestrado (2,3%).



Cadro nº31. Tipo de titulación de acceso

	%	Home	Muller
Diplomatura	0,4	0,0	0,7
Enxeñaría	3,5	3,5	3,4
Enxeñaría Técnica	1,2	2,7	0,0
Grao	81,4	80,5	82,1
Licenciatura	9,7	9,7	9,7
Outro mestrado	2,3	1,8	2,8
PCEO	1,6	1,8	1,4

#### 2.4.2.2 Titulación de acceso segundo a rama de coñecemento

Segundo mostra o Cadro nº32, nas titulacións de acceso aos estudos de mestrado predomina a rama Xurídico-Social (38,8%), seguida pola Tecnolóxica (27,1%), Artes e Humanidades (21,7%), Científica (10,9%) e, en menor medida, Ciencias da Saúde (1,6%). Por sexo é significativa a maior proporción de mulleres con estudos de acceso en Artes e Humanidades (31,0% contra 9,7%) e de homes da Tecnolóxica (41,6% contra 15,9%).

Cadro nº32. Rama de coñecemento da titulación de acceso

	%	Home	Muller
Artes e Humanidades	21,7	9,7	31,0
Ciencias da Saúde	1,6	1,8	1,4
Científico	10,9	8,8	12,4
Tecnolóxico	27,1	41,6	15,9
Xurídico-Social	38,8	38,1	39,3

#### 2.4.2.3 Tipo de titulación de acceso segundo a rama de coñecemento

Os estudos de grao son maioritarios en todas as ramas de coñecemento nun abano que vai do máximo de 95,5% na Científica ao 75,0% de Ciencias da Saúde.

Cadro nº33. Tipo de titulación de acceso segundo a rama de coñecemento

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxica	Xurídico-Social
Diplomatura	0,0	0,0	0,0	1,6	0,0
Enxeñaría	0,0	0,0	0,0	7,8	2,8
Enxeñaría Técnica	0,0	0,0	0,0	4,7	0,0
Grao	88,0	75,0	95,5	82,8	77,6
Licenciatura	8,0	0,0	4,5	1,6	14,7
Outro mestrado	4,0	0,0	0,0	1,6	2,8
PCEO	0,0	25,0	0,0	0,0	2,1

Máis concretamente, o Anexo 5 mostra as titulacións de acceso aos estudos de mestrado segundo o sexo.

#### 2.4.2.4 Titulación de acceso segundo a rama de coñecemento do mestrado cursado

O Cadro nº34 mostra a relación entre a rama de coñecemento da titulación de acceso e a rama de coñecemento do mestrado realizado na UVigo no curso 2020/2021.

Salvo en Ciencias da Saúde, 25,0%, máis do 60% das titulacións de acceso pertencen á mesma rama de coñecemento dos estudos de mestrado, cunhas porcentaxes que van do 96,0% en Artes e Humanidades ao 65,7% na Xurídico-Social.

Cadro nº34. Rama de coñecemento da titulación acceso segundo a rama de coñecemento do mestrado realizados

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Artes e Humanidades	96,0	0,0	0,0	0,0	4,0
Ciencias da Saúde	0,0	25,0	75,0	0,0	0,0
Científico	0,0	0,0	81,8	13,6	4,5
Tecnolóxica	0,0	0,0	0,0	93,8	6,3
Xurídico-Social	22,4	2,1	4,9	4,9	65,7

En consecuencia, o 75,0% de titulados/as en estudos de mestrado da rama das Ciencias da Saúde realizou titulacións de acceso da Científica, ben como un terzo de titulados/as en estudos de mestrado da rama Xurídico-Social realizou titulacións de acceso de distinta rama de coñecemento (22,4% en Artes e Humanidades, 4,9% na Científica e Tecnolóxica e 2,1% en Ciencias da Saúde). Do mesmo xeito, tamén é significativa a presenza de titulados/as con titulacións de acceso da rama Tecnolóxica nos mestrados da Científica (13,6%).

#### 2.4.2.5 Ano de obtención da titulación de acceso

A maioría de persoas tituladas (77,8%) realizou os estudos de acceso nos catro anos anteriores a cursar os estudos de mestrado (2017-2020). O 65,1% de titulados/as inquiridos acabou a titulación de acceso ao mestrado nos dous anos previos ao inicio dos estudos avaliados neste informe.

Cadro nº35. Ano de finalización da titulación de acceso

	%
1993	0,4
1994	0,4
1997	1,2
1999	0,4
2000	0,4
2001	0,4
2002	1,6
2003	0,8
2004	0,4
2005	0,8
2006	0,8
2007	0,8
2008	0,4
2009	0,4
2010	2,0
2011	0,4
2012	1,6
2013	1,6
2014	1,6
2015	2,0
2016	2,8
2017	4,4
2018	8,3
2019	29,4
2020	35,7
2021	1,2

### 2.4.3 Universidade de procedencia

Este apartado localiza a universidade en que se obtivo a titulación de acceso aos estudos de mestrado por parte das persoas tituladas que participaron neste estudo.

#### 2.4.3.1 Resultados globais e por sexo

A maioría de titulados/as (73,6%) cursou os estudos de acceso ao mestrado na UVigo, o 11,6% noutra universidade do SUG, un 8,1% nunha universidade estranxeira e o 6,6% nunha universidade española.

Cadro nº36. Localización da universidade en que se obtivo a titulación de acceso

	%	Home	Muller
Española	8,1	11,5	5,5
Estranxeira <sup>30</sup>	6,6	6,2	6,9
Galega <sup>31</sup>	11,6	14,2	9,7
UVigo	73,6	68,1	77,9

Por sexos é significativa a maior proporción de mulleres que realizaron os estudos de acceso na UVigo (77,9% contra 68,1% de homes), ben como a maior frecuencia de homes que completaron eses estudos noutra universidade galega (14,2% contra 9,7%) e nunha universidade do SUE (11,5% contra 5,5%).

Para máis informacións, o Anexo 6 mostra, por países de procedencia, as universidades en que as persoas tituladas inquiridas realizaron os estudos de acceso ao mestrado.

#### 2.4.3.2 Universidade de procedencia segundo a rama de coñecemento

Por ramas de coñecemento, a maior porcentaxe de titulados/as da UVigo no curso 2020/2021 que cursaron os estudos de acceso ao mestrado na mesma universidade dáse na rama Tecnolóxica (85,9%) e Científica (81,8%), seguida por Artes e Humanidades (76,0%), Ciencias da Saúde (75,0%) e Xurídico-Social (66,4%).

As únicas ramas con titulados/as procedentes dunha universidade estranxeira son Artes e Humanidades (12,0%), Xurídico-Social (7,7%) e Tecnolóxica (4,7%). A maior porcentaxe de titulados/as procedentes doutra universidade do SUG deuse nas ramas de Ciencias da Saúde (25,0%) e Xurídico-Social (16,1%). É significativa a maior porcentaxe de titulados/as procedentes dunha universidade española nas ramas Científica (18,2%) e Xurídico-Social (9,8%).

Cadro nº37. Universidade de procedencia segundo a rama de coñecemento dos estudos de mestrado

	Española	Estranxeira	Galega	UVigo
Artes e Humanidades	4,0	12,0	8,0	76,0
Ciencias da Saúde	0,0	0,0	25,0	75,0
Científico	18,2	0,0	0,0	81,8
Tecnolóxico	3,1	4,7	6,3	85,9
Xurídico-Social	9,8	7,7	16,1	66,4

<sup>30</sup> Arxentina (41,2%), Venezuela (23,5%), Brasil, Colombia, Ecuador, México, Reino Unido e Uruguai (5,9% cada un).

<sup>31</sup> 60,0% cursou a titulación de acceso na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e 40,0% na Universidade da Coruña (UDC).

## 2.5 Estudos de doutoramento

### 2.5.1 Resultados globais e por sexo

Un 3,9% de persoas tituladas en estudos de mestrado no curso 2020/2021 ten o título de doutoramento, sendo máis frecuente en mulleres (4,1%) que en homes (3,5%).

### 2.5.2 Estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento

Apenas completaron estudos de doutoramento persoas tituladas inquiridas da rama Xurídico-Social (7,5%).

### 2.5.3. Estudos de doutoramento segundo os estudos de mestrado

O Cadro nº38 mostra a distribución porcentual dos estudos de doutoramento segundo os estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021, con indicación do programa de doutoramento realizado e a universidade en que se obtivo.

Cadro nº38. Estudos de doutoramento segundo o mestrado realizado

	%	Programa	Universidade
<b>Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas</b>	13,8	Arte: Produción e Investigación	UPV
		Física Nuclear e Partículas	USC
		Medicina Molecular	USC
		Ciencia e Tecnoloxía	USC
		Tecnoloxías da Información e da Comunicación	UVigo
		Métodos Numéricos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	UVigo
		Enxeñaría Térmica	UVigo
<b>Xestión Empresarial do Deporte</b>	14,3	Enfermaría	USC
		Xerontoloxía	USC

### 3. Motivacións para realizar o mestrado

Coñecermos os motivos que conduciron os titulados/as en mestrado a realizar eses estudos na UVigo no curso 2020/2021 resulta fundamental, pois pode ser de grande axuda para mellorar a súa orientación en prol da satisfacción das necesidades reais dos potenciais estudantes.

#### 3.1 Resultados globais e por sexo

O motivo máis destacado para realizar estudos de mestrado é, tal e como se recolle no Cadro nº39, complementar a formación académica para obter una maior especialización no mercado de traballo, ampliar as saídas laborais, acadar un maior desenvolvemento profesional e ter máis oportunidades laborais, cunha porcentaxe do 53,1% para o total de persoas tituladas inquiridas. En segundo lugar, un 22,0% de titulados/as afirmou que o mestrado realizado na UVigo era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego ou perspectiva laboral (profesorado de secundaria, avogacía...). Logo a seguir sitúase, cun 12,5%, complementar a formación académica previa para realizar o doutoramento e dedicarse á investigación. En menor proporción, un 4,2% referiu ser necesario para encontrar un primeiro emprego e un 3,1% por ter detectado necesidades formativas na súa experiencia profesional anterior. Finalmente, para un 2,1% os estudos de mestrado realizados eran necesarios, quer para acceder á realización de prácticas laborais, quer para dispor das atribucións e competencias profesionais de profesións reguladas (mormente enxeñaría).

Cadro nº39: Motivos para realizar o mestrado

	Global	Home	Muller
<b>Acceder á realización de prácticas laborais</b>	2,1	2,4	1,8
<b>Complementar a formación académica (traballo)</b>	53,1	54,2	52,3
<b>Complementar a formación académica (investigación)</b>	12,5	9,6	14,7
<b>Detectou necesidades formativas na súa experiencia laboral</b>	3,1	6,0	0,9
<b>Encontrar un primeiro emprego</b>	4,2	6,0	2,8
<b>Era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego</b>	20,8	16,9	23,9
<b>Era necesario para dispor das atribucións e competencias profesionais</b>	2,1	3,6	0,9
<b>Outro</b>	2,1	1,2	2,8

Por sexo, sen diferenzas estatisticamente significativas, foi maior a proporción de mulleres que alegaron ter realizado os estudos de mestrado na UVigo por ser necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego (23,9% contra 16,9%) e para completar a súa formación académica orientada á investigación (14,7% contra 9,6%). Os homes foron máis sensíbeis á detección de necesidades formativas na súa experiencia laboral previa (6,0% contra 0,9%), para arranxar un primeiro emprego (6,0% contra 2,8%) e á súa necesidade para dispor de atribucións e competencias profesionais (3,6% contra 0,9%).

#### 3.2 Motivacións segundo a rama de coñecemento

Por ramas de coñecemento, o motivo de complementar a formación de cara ao mercado laboral foi alegado por todos os titulados/as en Ciencias da Saúde, 67,4% na Tecnolóxica, 60,0% en Artes e Humanidades, 50,0% na Científica e 44,9% na Xurídico-Social. Un 43,8% de titulados/as en estudos da rama Científica e un 35,0% en Artes e Humanidades referiron precisar complementar a súa formación de cara á investigación.

Os/as titulados/as que afirmaron cursar o mestrado por ser necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego apenas foi referido polas persoas tituladas en estudos da rama Xurídico-Social (35,5%) e Tecnolóxica (4,3%). A elevada importancia entre os titulados en estudos da rama Xurídico-Social explícase pola presenza neste ámbito do

Mestrado Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Finalmente, a realización dos estudos de mestrado para dispor de atribucións e competencias profesionais apenas foi referido por 6,5% de persoas tituladas da rama Tecnolóxica e 0,9% da Xurídico-Social. É significativa a maior sensibilidade dos titulados/as en estudos da rama Tecnolóxica á detección de necesidades formativas na súa experiencia profesional anterior (10,9%).

Cadro nº40. Motivos para realizar o mestrado segundo a rama de coñecemento

	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científica	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Acceder á realización de prácticas laborais	0,0	0,0	0,0	0,0	3,7
Complementar a formación académica (traballo)	60,0	100,0	50,0	67,4	44,9
Complementar a formación académica (investigación)	35,0	0,0	43,8	8,7	5,6
Detectou necesidades formativas na súa experiencia laboral anterior	0,0	0,0	0,0	10,9	0,9
Encontrar un primeiro emprego	0,0	0,0	6,3	2,2	5,6
Era necesario ou obrigatorio para o seu futuro emprego	0,0	0,0	0,0	4,3	35,5
Era necesario para dispor das atribucións e competencias profesionais	0,0	0,0	0,0	6,5	0,9
Outros	5,0	0,0	0,0	0,0	2,8

### 3.3 Motivacións segundo os estudos de mestrado

A motivación de complementar a formación académica para unha maior especialización no mercado de traballo (ampliar as saídas profesionais, desenvolvemento profesional, ter máis oportunidades...) foi referida pola totalidade de titulados/as en 15 dos 42 estudos de mestrado avaliados, mormente, con máis do 75%, en Necesidades Específicas de Apoio Educativo e en Xestión Empresarial do Deporte (85,7% ambos), Dirección e Innovación da Cadea de Subministración, Enxeñaría de Telecomunicación e en Enxeñaría Informática (75,0% cada un) contra a nula en Avogacía e en Oceanografía, ben como en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (24,4%), Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións e en Dirección Pública e Liderado Institucional (25,0% ambos).

Complementar a formación de cara á investigación foi referida pola totalidade de titulados/as en Oceanografía, tres cuartas partes en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, dúas terceiras partes en Investigación en Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria e metade en Bioloxía Mariña, Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos e en Dirección Pública e Liderado Institucional contra o nulo en 25 das 42 titulacións avaliadas, ben como en Xestión Empresarial do Deporte (7,1%), Dirección e Innovación da Cadea de Subministración (12,5%) e en Tradución Multimedia (16,7%).

A necesidade ou obrigatoriedade dos estudos de mestrado para o futuro emprego foi referida maioritariamente polas persoas tituladas en Avogacía (83,3%) e en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas (65,9%), o 40,0% en Prevención de Riscos Laborais e unha cuarta parte en Dirección Pública e Liderado Institucional.

A necesidade para dispor das atribucións e competencias profesionais en profesións reguladas foi referido polo 25,0% de titulados/as en Enxeñaría de Minas, 22,2% en Enxeñaría Industrial e 2,4% en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas.

Finalmente, a detección necesidades formativas na experiencia laboral anterior foi unha motivación referida de xeito notábel pola metade de titulados/as en Ciberseguridade, unha cuarta parte en Enxeñaría de Minas, 22,2% en Enxeñaría Industrial, 12,5% en Dirección e Innovación da Cadea de Subministración e 2,4% en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas.

Cadro nº41. Motivos para realizar o mestrado segundo os estudos realizados

	Prácticas laborais	Completar formación (traballo)	Completar formación (investigación)	Necesidades formativas	Empregabilidade	Necesidade de emprego	Atribucións profesionais	Outros
Acuicultura	0,0	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Administración Integrada de Empresas e RSC	40,0	40,0	0,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0
Avogacía	8,3	0,0	0,0	0,0	8,3	83,3	0,0	0,0
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, conservación e xestión	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Bioloxía Mariña	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	40,0	40,0	0,0	20,0	0,0	0,0	0,0
Ciberseguridade	0,0	50,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Comercio Internacional	0,0	50,0	0,0	0,0	50,0	0,0	0,0	0,0
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Deseño e Dirección Creativa en Moda	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Dirección de Arte en Publicidade	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración	0,0	75,0	12,5	12,5	0,0	0,0	0,0	0,0
Dirección Pública e Liderado Institucional	0,0	25,0	50,0	0,0	0,0	25,0	0,0	0,0
Enxeñaría da Automoción	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría de Minas	0,0	50,0	0,0	25,0	0,0	0,0	25,0	0,0
Enxeñaría de Telecomunicación	0,0	75,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Enxeñaría Industrial	0,0	44,4	0,0	22,2	11,1	0,0	22,2	0,0
Enxeñaría Informática	0,0	75,0	25,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,0	25,0	75,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Finanzas	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Industria 4.0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	0,0	50,0	50,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	0,0	33,3	66,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Investigación Química e Química Industrial	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Lingüística Aplicada	0,0	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Matemática Industrial	0,0	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Mecatrónica	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	0,0	85,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	14,3
Neurociencia	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Nutrición	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Oceanografía	0,0	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0

**Observatorio de Persoas Tituladas | Consello Social**

Prevenção de Riscos Laborais	0,0	60,0	0,0	0,0	0,0	40,0	0,0	0,0
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	0,0	24,4	0,0	2,4	2,4	65,9	2,4	2,4
Tradución Multimedia	0,0	66,7	16,7	0,0	0,0	0,0	0,0	16,7
Tradución para a Comunicación Internacional	0,0	66,7	33,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Xestión e Dirección Laboral	0,0	100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Xestión Empresarial do Deporte	0,0	85,7	7,1	0,0	0,0	0,0	0,0	7,1



## 4. Situación laboral anterior á realización do mestrado

A análise das titulacións previas á realización do mestrado na UVigo no curso académico 2020/2021 permite identificar a experiencia no mercado de traballo con anterioridade ao mestrado. Por esta razón, pode ser relevante avaliar a relación previa co mercado de traballo, aspecto que é abordado ao longo do presente apartado de cara a coñecermos tanto a experiencia laboral previa como a situación laboral no momento de comezar a realizar os estudos de mestrado.

### 4.1 Experiencia laboral previa á realización do mestrado

#### 4.1.1 Resultados globais e por sexo

A maioría de persoas tituladas en mestrado (67,4%) xa traballara con anterioridade á realización destes estudos na UVigo no curso 2020/2021, sen diferenzas estatisticamente significativas por sexo ( $p$ -valor>0,05).

Cadro nº42: Experiencia laboral previa ao mestrado

	%
<b>Global</b>	67,4
<b>Home</b>	68,3
<b>Muller</b>	66,7

#### 4.1.2 Experiencia laboral previa segundo a idade

A experiencia laboral previa é total nas persoas tituladas con máis de 50 anos, superior ao 90% entre 31 e 50 anos, do 52,3% entre 26 e 30 anos e do 37,5% con menos de 25 anos.

Cadro nº43: Experiencia laboral previa ao mestrado

	%
<b>23-25 anos</b>	37,5
<b>26-30 anos</b>	52,3
<b>31-35 anos</b>	93,5
<b>36-40 anos</b>	94,4
<b>41-50 anos</b>	90,5
<b>Máis de 50 anos</b>	100,0

#### 4.1.2 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento

A experiencia laboral é total nos titulados/as en estudos en Ciencias da Saúde, seguido pola Xurídico-Social (72,9%) e Científica (68,8%) contra a mínima en Artes e Humanidades (55,0%) e Tecnolóxica (56,8%).

Cadro nº44: Experiencia laboral previa ao mestrado segundo a rama de coñecemento

	%
<b>Artes e Humanidades</b>	55,0
<b>Ciencias da Saúde</b>	100,0
<b>Científico</b>	68,8
Mecatrónica	60,0	57,1	60,0
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	66,7	50,0	0,0
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	66,7	50,0	60,0
Neurociencia	0,0	100,0	100,0
Nutrición	33,3	100,0	0,0
Oceanografía	100,0	66,7	100,0
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados	0,0	100,0	
Prevenção de Riscos Laborais	71,4	37,5	88,9
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	100,0	-	
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	40,9	48,1	44,7
Química Teórica e Modelización Computacional			s/e
Técnicas Estatísticas	100,0	0,0	
Tradución Multimedia	33,3	28,6	16,7
Tradución para a Comunicación Internacional	66,7	40,0	50,0
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	66,7	0,0	
Xenómica e Xenética	80,0	100,0	
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	53,8	33,3	100,0

<b>Xestión e Dirección Laboral</b>	50,0	66,7	100,0
<b>Xestión Empresarial do Deporte</b>	20,0	0,0	61,5

### 12.7.2 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo

No curso 2020/2021 logo da flexión no curso precedente, houbo un aumento da adecuación das funcións ao traballo; isto é, entre as exixencias profesionais do emprego e o nivel académico adquirido na UVigo até igualar os rexistros alcanzados no curso 2018/2019, o que se traduciu nunha queda da sobrecualificación até o mínimo de 22,3% e un aumento da infracualificación até o máximo de 10,2%.

Cadro nº489. Comparativa da adecuación das funcións ao traballo

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Adecuado</b>	67,3	65,3	67,5
<b>Sobrecualificación</b>	26,1	27,0	22,3
<b>Infracualificación</b>	6,5	7,7	10,2

#### 12.7.2.1 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo o sexo

No período avaliado a sobrecualificación feminina mostrou unha tendencia continuamente decrecente até situarse a fenda de xénero no mínimo de 1,6 pp. Apesar do recuo no curso 2020/2021, a sobrecualificación masculina aínda non atinxiu o mínimo do curso 2018/2019.

Cadro nº490. Comparativa da adecuación das funcións ao traballo segundo o sexo

	Home			Muller		
	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Adecuado</b>	77,8	65,6	67,7	59,1	65,1	67,3
<b>Sobrecualificación</b>	17,6	25,0	21,5	32,8	28,3	23,1
<b>Infracualificación</b>	4,6	7,7	10,8	8,0	6,6	9,6

#### 12.7.2.2 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo a rama de coñecemento

A diminución global da sobrecualificación experimentada no curso 2020/2021 non se deu en Ciencias da Saúde, onde afecta a metade de persoas tituladas, nen na Científica. Ningunha rama do coñecemento atinxiu os valores mínimos atinxidos no curso 2018/2019.

Cadro nº491. Comparativa da sobrecualificación segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Artes e Humanidades</b>	23,5	43,5	33,3
<b>Ciencias da Saúde</b>	33,3	14,3	50,0
<b>Científico</b>	37,5	25,0	28,6
<b>Tecnolóxico</b>	12,2	17,3	13,3
<b>Xurídico-Social</b>	29,1	28,9	24,5

#### 12.7.2.3 Relación entre o emprego e o nivel académico adquirido na UVigo segundo os estudos de mestrado

O Cadro nº492 mostra a evolución da sobrecualificación do emprego das persoas tituladas en estudos de mestrado segundo a titulación realizada.

Cadro nº492. Comparativa da sobrecualificación segundo os estudos de mestrado

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
Acuicultura	66,7	-	0,0
Administración Integrada de Empresas e RSC	50,0	20,0	0,0
Arte Contemporánea. Creación e Investigación	0,0	0,0	
Avogacía	33,3	22,2	16,7
Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	-	0,0	100,0
Biloxía Mariña	25,0	33,3	50,0
Biotecnoloxía Avanzada	0,0	40,0	25,0
Ciberseguridade	-	0,0	0,0
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	100,0	100,0	
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	-	12,5	
Comercio Internacional	20,0	28,6	0,0
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	37,5	33,3	50,0
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	33,3	0,0	
Deseño e Dirección Creativa en Moda	-	0,0	50,0
Dificultades de aprendizaxe e Procesos Cognitivos	0,0	0,0	100,0
Dirección de Arte en Publicidade	50,0	25,0	66,7
Dirección de PEMES	-	33,3	0,0
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	16,7	16,7	100,0
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración			11,1
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	0,0	60,0	
Dirección Integrada de Proxectos	-	100,0	
Dirección Pública e Liderado Institucional	0,0	0,0	25,0
Economía	0,0	-	
Enerxía e Sustentabilidade	33,3	0,0	s/e
Enxeñaría da Automoción	0,0	0,0	20,0
Enxeñaría de Minas	0,0	0,0	25,0
Enxeñaría de Organización	0,0	0,0	
Enxeñaría de Telecomunicación	20,0	25,0	0,0
Enxeñaría Industrial	11,8	16,7	16,7
Enxeñaría Informática	0,0	50,0	33,3
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	0,0	33,3	0,0
Finanzas	11,1	0,0	50,0
Industria 4.0			0,0
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	44,4	0,0	33,3
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	100,0	0,0	66,7
Investigación Química e Química Industrial	25,0	-	50,0
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	0,0	-	
Lingüística Aplicada	0,0	0,0	33,3
Matemática Industrial	-	0,0	0,0
Mecatrónica	20,0	28,6	40,0
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	33,3	50,0	100,0
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	33,3	50,0	40,0
Neurociencia	50,0	0,0	0,0
Nutrición	33,3	25,0	100,0
Oceanografía	0,0	33,3	0,0
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados	0,0	0,0	
Prevenção de Riscos Laborais	14,3	25,0	0,0
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,0	-	
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	34,1	34,6	18,4
Química Teórica e Modelización Computacional			s/e
Técnicas Estatísticas	0,0	0,0	
Tradución Multimedia	50,0	42,9	33,3
Tradución para a Comunicación Internacional	0,0	80,0	50,0
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	33,3	66,7	



Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Mestrado | Curso 2020/2021

Xenómica e Xenética	20,0	0,0	
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	15,4	0,0	0,0
Xestión e Dirección Laboral	50,0	0,0	0,0
Xestión Empresarial do Deporte	0,0	0,0	30,8

## 12.8 Satisfacción co itinerario académico

Este apartado aborda a comparativa sobre o nivel de satisfacción das persoas tituladas en estudos de mestrado da UVigo co itinerario académico do punto de vista da satisfacción global cos estudos de mestrado realizados e sobre a recomendación deses estudos escollidos na UVigo.

### 12.8.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo

A baixada do nivel de satisfacción dos titulados no curso 2020/2021 provocou unha leve baixada da satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo.

Cadro nº493. Comparativa da satisfacción global cos estudos de mestrado segundo o sexo

	Satisfacción	Satisfacción home	Satisfacción muller
<b>2018/2019</b>	3,58	3,67	3,51
<b>2019/2020</b>	3,59	3,67	3,53
<b>2020/2021</b>	3,50	3,47	3,53

#### 12.8.1.1 Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo segundo a rama de coñecemento

A baixada global do nivel de satisfacción cos estudos de mestrado a respecto do curso 2019/2020 non se deu tanto nas ramas Científica, onde atinxiu o máximo da secuencia histórica avaliada, como en Ciencias da Saúde.

Cadro nº494. Comparativa da satisfacción global cos estudos de mestrado segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Artes e Humanidades</b>	3,54	3,78	3,40
<b>Ciencias da Saúde</b>	3,77	3,36	3,50
<b>Científico</b>	3,57	3,66	3,91
<b>Tecnolóxico</b>	3,83	3,98	3,50
<b>Xurídico-Social</b>	3,51	3,44	3,46

#### 12.8.1.2 Nivel de satisfacción global cos estudos de mestrado realizados na UVigo

O Cadro nº495 mostra a evolución da satisfacción global cos estudos de mestrado segundo a titulación realizada.

Cadro nº495. Comparativa da satisfacción global cos estudos de mestrado realizados

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Acuicultura</b>	4,00	2,00	4,00
<b>Administración Integrada de Empresas e RSC</b>	3,43	3,17	3,50
<b>Arte Contemporánea. Creación e Investigación</b>	4,50	4,00	
<b>Avogacía</b>	3,68	3,91	3,00
<b>Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión</b>	-	4,25	4,00
<b>Biloxía Mariña</b>	3,00	3,25	4,00
<b>Bioteoloxía Avanzada</b>	3,33	4,00	4,14
<b>Ciberseguridade</b>	-	4,00	4,00
<b>Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental</b>	3,33	3,67	
<b>Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca</b>	-	3,50	
<b>Comercio Internacional</b>	4,45	4,06	4,44
<b>Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais</b>	3,50	3,43	3,50
<b>Creación, Dirección e Innovación na Empresa</b>	4,00	4,00	
<b>Deseño e Dirección Creativa en Moda</b>	-	3,00	1,50
<b>Dificultades de aprendizaxe e Procesos Cognitivos</b>	2,50	2,33	n/r
<b>Dirección de Arte en Publicidade</b>	3,57	2,88	3,00

Dirección de PEMES	4,00	4,00	n/r
Dirección e Administración de Empresas (MBA)	4,00	4,17	n/r
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración			3,67
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	4,00	3,83	
Dirección Integrada de Proxectos	-	4,00	
Dirección Pública e Liderado Institucional	5,00	5,00	3,00
Economía	4,00	-	
Enerxía e Sustentabilidade	4,33	4,50	s/e
Enxeñaría da Automoción	4,00	4,50	3,20
Enxeñaría de Minas	3,50	5,00	3,80
Enxeñaría de Organización	4,00	4,00	
Enxeñaría de Telecomunicación	3,43	3,50	3,40
Enxeñaría Industrial	3,70	3,61	3,00
Enxeñaría Informática	3,33	4,00	4,25
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	3,50	4,75	3,25
Finanzas	3,89	3,50	2,50
Industria 4.0			n/r
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	3,30	3,60	4,50
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	3,00	3,00	2,75
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	-	2,50	
Investigación Química e Química Industrial	3,75	3,67	3,33
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	4,00	2,75	
Lingüística Aplicada	4,00	4,00	4,00
Matemática Industrial	5,00	5,00	4,00
Mecatrónica	4,20	4,43	3,60
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	4,00	2,75	n/r
Nanociencia e Nanotecnoloxía			s/e
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	2,60	2,50	3,38
Neurociencia	4,25	3,00	3,50
Nutrición	3,00	3,17	n/r
Oceanografía	4,50	3,50	4,00
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados	4,00	3,50	
Prevenición de Riscos Laborais	4,11	3,89	3,33
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	3,50	-	
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	3,03	3,36	3,40
Técnicas Estatísticas	3,00	3,00	
Tradución Multimedia	3,29	4,00	3,43
Tradución para a Comunicación Internacional	2,83	3,00	3,50
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	4,33	4,29	
Xenómica e Xenética	4,00	4,50	
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	3,93	3,67	n/r
Xestión e Dirección Laboral	3,50	3,57	3,29
Xestión Empresarial do Deporte	4,00	3,33	3,89

### 12.8.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo

O nivel de satisfacción medio das persoas tituladas coa recomendación dos estudos de mestrado realizados na UVigo caeu no curso 2020/2021 até igualarse coa satisfacción do curso 2018/2019. Por sexo, mentres que a satisfacción masculina foi continuamente decrecente de 3,68 ao mínimo de 3,42, a feminina foi crecente de 3,39 ao máximo de 3,59.

Cadro nº496. Comparativa da recomendación dos estudos de mestrado realizados segundo o sexo

	Satisfacción	Satisfacción home	Satisfacción global
<b>2018/2019</b>	3,52	3,68	3,39
<b>2019/2020</b>	3,55	3,65	3,48
<b>2020/2021</b>	3,52	3,42	3,59

#### 12.8.2.1 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo segundo a rama de coñecemento

A satisfacción apenas mostra unha tendencia continuamente crecente nas persoas tituladas en estudos da rama Científica, rexistrando un aumento no curso 2020/2021 en Ciencias da Saúde e Xurídico-Social.

Cadro nº497. Comparativa da recomendación dos estudos de mestrado realizados segundo a rama de coñecemento

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Artes e Humanidades</b>	3,29	3,59	3,52
<b>Ciencias da Saúde</b>	3,83	3,00	3,25
<b>Científico</b>	3,14	3,51	3,95
<b>Tecnolóxico</b>	3,84	3,96	3,42
<b>Xurídico-Social</b>	3,48	3,46	3,50

#### 12.8.2.2 Recomendaría os estudos de mestrado realizados na UVigo

O Cadro nº498 mostra a evolución da satisfacción coa recomendación dos estudos de mestrado segundo a titulación realizada.

Cadro nº498. Comparativa da recomendación dos estudos de mestrado realizados

	2018/2019	2019/2020	2020/2021
<b>Acuicultura</b>	3,40	2,00	4,33
<b>Administración Integrada de Empresas e RSC</b>	3,14	2,00	3,67
<b>Arte Contemporánea. Creación e Investigación</b>	4,00	3,00	
<b>Avogacía</b>	3,38	4,00	3,07
<b>Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión</b>		4,00	4,00
<b>Bioloxía Mariña</b>	2,60	3,00	4,33
<b>Bioteconoloxía Avanzada</b>	2,50	3,83	4,29
<b>Ciberseguridade</b>		3,67	4,00
<b>Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental</b>	2,67	2,67	
<b>Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca</b>		3,50	
<b>Comercio Internacional</b>	4,36	4,44	4,56
<b>Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais</b>	3,38	3,43	4,00
<b>Creación, Dirección e Innovación na Empresa</b>	4,33	3,33	
<b>Deseño e Dirección Creativa en Moda</b>		4,00	2,00
<b>Dificultades de aprendizaxe e Procesos Cognitivos</b>	2,00	1,67	n/r
<b>Dirección de Arte en Publicidade</b>	3,43	3,13	2,17
<b>Dirección de PEMES</b>	4,00	4,29	n/r

Dirección e Administración de Empresas (MBA)	3,86	3,50	n/r
Dirección e Innovación da Cadea de Subministración			3,67
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	4,50	3,50	
Dirección Integrada de Proxectos		4,00	
Dirección Pública e Liderado Institucional	5,00	5,00	3,00
Economía	4,00		
Enerxía e Sustentabilidade	4,33	4,25	s/e
Enxeñaría da Automoción	4,00	4,00	3,20
Enxeñaría de Minas	4,00	5,00	3,40
Enxeñaría de Organización	3,00	4,00	
Enxeñaría de Telecomunicación	3,43	3,75	3,60
Enxeñaría Industrial	3,60	3,61	2,79
Enxeñaría Informática	3,33	4,00	3,75
Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	3,00	4,50	4,00
Finanzas	4,11	3,25	3,00
Industria 4.0			n/r
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	3,10	3,40	5,00
Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	2,00	3,00	3,25
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde		3,00	
Investigación Química e Química Industrial	3,50	3,33	3,00
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	3,67	2,50	
Lingüística Aplicada	4,00	4,00	4,00
Matemática Industrial	5,00	5,00	4,67
Mecatrónica	4,00	4,57	3,20
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	4,00	2,50	n/r
Nanociencia e Nanotecnoloxía			s/e
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	3,00	2,38	3,38
Neurociencia	4,00	2,67	3,00
Nutrición	3,33	2,50	n/r
Oceanografía	4,00	3,50	3,50
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados	5,00	3,00	
Prevenção de Riscos Laborais	4,44	4,00	3,44
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	3,50		
Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas	3,16	3,56	3,50
Química Teórica e Modelización Computacional			s/e
Técnicas Estatísticas	4,00	5,00	
Tradución Multimedia	3,29	3,75	3,14
Tradución para a Comunicación Internacional	2,50	2,57	3,67
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	4,00	4,29	
Xenómica e Xenética	4,00	5,00	
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	3,73	3,33	n/r
Xestión e Dirección Laboral	3,50	3,43	2,57
Xestión Empresarial do Deporte	4,17	3,33	4,07



## 13. Conclusións

A seguir é presentado un resumo executivo coas principais conclusións que se poden tirar deste Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado no curso 2020/2021.

Para as cuestións comúns sobre a situación socio-laboral inclúense entre paréntese recto os datos correspondentes á situación socio-laboral doce meses despois de finalizar os estudos na UVigo no curso 2020/2021, o que facilita a comparativa entre o momento actual en que se respondeu a enquisa e un ano após titularse.

### 13.1 Datos persoais e académicos

Na mostra obtida existe representación paritaria de mulleres (56,2%) e homes (43,8%), diverxendo levemente da poboación (59,0% de mulleres e 41,0% de homes).

A maioría de persoas tituladas (89,5%) reside actualmente en Galicia, seguida por outras comunidades autónomas (6,6%) e o estranxeiro (3,9%).

A maioría das persoas tituladas en estudos de mestrado que respondeu a enquisa realizou estudos da rama Xurídico-Social (55,4%) seguida, a máis distancia, pola Tecnolóxica (24,8%), Artes e Humanidades (9,7%), Científica (8,5%) e Ciencias da Saúde (1,6%).

A inmensa maioría de titulados/as (84,1%) cursou unha única titulación previa aos estudos de mestrado, un 13,6% dúas e o 2,3% mesmo tres titulacións.

O 73,6% dos titulados/as confiaron para a realización do mestrado a UVigo como universidade en que realizaran a súa titulación de acceso.

O motivo principal que leva os titulados/as de mestrado a cursaren é complementar a formación académica para unha maior especialización no mercado de traballo, cun 53,1%. Para o 20,8% os estudos de mestrado realizados eran necesarios ou obrigatorios para o seu futuro emprego. O terceiro motivo referido en importancia (12,5%) foi complementar a formación académica para poder realizar o doutoramento e dedicarse á investigación.

Un 68,4% dos titulados/as cursaron prácticas externas, sendo obrigatorias no 84,6% de casos.

### 13.2 Experiencia laboral previa

Un 67,4% dos titulados/as traballaran con anterioridade á realización do mestrado, o 37,3% estaban ocupados no momento de iniciar os estudos de mestrado. A maioría deles (56,3%) conciliou o traballo coa realización do mestrado mentres que o 14,1% deixou o traballo que tiña para facer eses estudos.

### 12.3 Situación socio-laboral actual

O 76,7% [69,8%] dos titulados/as no curso 2020/2021 traballaba no momento da realización da enquisa, sendo a ocupación masculina (82,3%) [78,8%] superior á feminina (72,4%) [62,8%].

Entre os que non traballaban, o 11,2% [11,6%] referiu estar a procurar emprego, 6,6% [7,0%] só opositaba, 5,4% [10,9%] só estudaba e o 0,0% [0,8%] estaba noutras situacións<sup>58</sup>

O 11,2% [15,1%] dos titulados/as no curso 2020/2021 continuaba a estudar no momento da realización da enquisa, o 5,8% [4,3%] conciliaba o traballo cos estudos e o 5,4% [10,9%] estudaba a tempo completo. Deles, unha maioría de 79,2% estaba a facer estudos de doutoramento e 20,8% outro mestrado universitario.

O 8,5% [8,6%] dos titulados/as no curso 2020/2021 preparaba oposicións no momento de responder a enquisa, un 6,6% [7,0%] a tempo completo e o 1,9% [1,6%] concilia o traballo coa preparación das oposicións.

### 13.4 Procura de emprego

O 11,2% [11,6%] estaba a procurar emprego na altura de responder a enquisa desde había 13,46 meses. O desemprego feminino (11,0%) [13,1%] é levemente inferior á masculina (11,5%) [9,7%], levando as mulleres máis tempo medio a procurar emprego (14,66 meses contra 11,73 meses)

O desemprego de longa duración<sup>59</sup> afecta ao 11,1% de titulados/as sen emprego e o desemprego de moi longa duración<sup>60</sup> ao 14,8%, afectando máis a mulleres (18,8%) que a homes (9,1%).

O 84,5% de persoas tituladas traballaron algunha vez desde a finalización dos estudos de mestrado na UVigo no curso 2020/2021.

Os titulados/as con experiencia laboral tardaron un tempo medio de 4,29 meses en arranxar emprego despois de titularse na UVigo no curso 2020/2021. Excluídas as persoas que traballaban no momento de se titular (48,1%), o tempo medio en arranxar emprego foi de 8,47 meses.

### 13.5 Emprego actual

A maioría de titulados/as (84,8%) [88,3%] está a traballar en Galicia. O 9,1% [6,7%] traballa noutra comunidade autónoma e o 6,1% [5,0%] no estranxeiro. A proporción de mulleres que traballan fóra de Galicia (12,4%) é inferior á emigración masculina (18,3%).

O 91,9% [92,3%] de titulados/as que traballaban no momento de responder a enquisa facían por conta allea, a maioría (70,0%) con contratos de duración indefinida, con diferenzas significativas entre mulleres (67,5%) e homes (72,3%).

O 88,6% [82,5%] das persoas inquiridas traballaba a tempo completo, sendo significativa a maior frecuencia dos empregos a tempo parcial en mulleres (18,2%) [25,0%] contra 4,9% [9,8%] de homes.

A maioría traballa na empresa privada (65,2%), seguido polo sector público (27,3%) e entidades non lucrativas<sup>61</sup> (7,6%). O emprego feminino no sector público (28,6%) é levemente superior ao masculino (25,8%).

<sup>58</sup> Coidado familiar.

<sup>59</sup> Entre 12-24 meses de procura de emprego.

<sup>60</sup> Máis de 24 meses de procura de emprego.

<sup>61</sup> Fundacións, ONGs, asociacións...



Os sectores que empregan a máis titulados/as son o ensino/docencia<sup>62</sup> (17,7%), seguido, a máis distancia, por investigación/actividades científicas<sup>63</sup> (12,1%), actividades profesionais<sup>64</sup> (7,6%), telecomunicacións/TIC<sup>65</sup> (5,6%), automoción<sup>66</sup> (5,1%), ben como enxeñaría<sup>67</sup> (5,1%).

O 92,4% dos titulados/as que traballan exercen funcións de nivel universitario no seu emprego<sup>68</sup> (91,3% de homes contra 93,3% de mulleres).

As áreas funcionais de traballo máis frecuentes en que traballan os titulados/as da UVigo son formación e ensino<sup>69</sup> (17,3%) e I+D+i<sup>70</sup> (15,2%), seguidas de informática e tecnoloxía<sup>71</sup> (6,6%), atención ao cliente/usuario<sup>72</sup> e servizos<sup>73</sup> (6,1% ambas), enxeñaría e construción<sup>74</sup> (5,6%) e produción<sup>75</sup> (5,1%).

O 35,9% das empresas nas que traballan os inquiridos son entidades con menos de 50 empregados<sup>76</sup>. O 41,2% de titulados/as están empregados en grandes empresas<sup>77</sup>.

O ingreso medio<sup>78</sup> dun graduado/a durante o curso 2020/2021 ao responder a enquisa é de 1579,71€ [1442,71€] ao mes. O 14,2% ten uns ingresos netos mensais inferiores a 1000€ na altura de responder a enquisa [24,3%]. O ingreso medio mensual para os homes é de 1726,26€ [1509,06€], mentres que para as mulleres ascende a 1469,80€ [1383,81€].

### 13.6 Valoración do traballo actual

A maioría de titulados/as (66,0%) desenvolve funcións específicas dos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021, sen diferenzas significativas entre homes (65,6%) e mulleres (66,3%).

A sobrecualificación<sup>79</sup> afecta ao 22,3% de persoas tituladas, sendo maior en mulleres (23,1%) que en homes (21,5%).

A infracualificación<sup>80</sup> (10,2%) afecta levemente máis a homes (10,8%) que a mulleres (9,6%).

O 69,5% dos titulados/as que traballan afirmaron estar bastante ou moi satisfeitos co seu traballo actual. Nunha escala de satisfacción do 1 ao 5, en que 1 significa “nada”, 2 “pouco”, 3 “algo”, 4 “bastante” e 5 “moito”, o nivel de satisfacción medio co emprego actual é de 3,84.

<sup>62</sup> 22,9% de mulleres contra 11,8% de homes.

<sup>63</sup> 15,2% de mulleres contra 8,6% de homes.

<sup>64</sup> 9,5% de mulleres contra 5,4% de homes.

<sup>65</sup> 9,7% de homes contra 1,9% de mulleres.

<sup>66</sup> 6,5% de homes contra 3,8% de mulleres.

<sup>67</sup> 8,6% de homes contra 1,9% de mulleres.

<sup>68</sup> Como directivo/a, mando intermedio e/ou técnico/a cualificado/a.

<sup>69</sup> 21,9% de mulleres contra 12,0% de homes.

<sup>70</sup> 18,5% de homes contra 12,4% de mulleres.

<sup>71</sup> 8,7% de homes contra 4,8% de mulleres.

<sup>72</sup> 7,6% de homes contra 4,8% de mulleres.

<sup>73</sup> 7,6% de homes contra 4,8% de mulleres.

<sup>74</sup> 9,8% de homes contra 1,9% de mulleres.

<sup>75</sup> 7,6% de homes contra 2,9% de mulleres.

<sup>76</sup> Empresas individuais (5,7%), microempresas (15,6%) e pequenas empresas (14,6%)

<sup>77</sup> Empresas/entidades con máis de 250 empregados.

<sup>78</sup> Ingreso mediano ao responder a enquisa: 1436,63€ (1500,00€ en homes contra 1382,59€ en mulleres)

Ingreso mediano aos 12 meses: 1375,76€ (1389,11€ en homes contra 1303,96€ en mulleres)

<sup>79</sup> As exixencias do emprego actual son inferiores ao nivel académico adquirido na UVigo.

<sup>80</sup> As exixencias do emprego actual son superiores ao nivel académico adquirido na UVigo.

### 13.7 Satisfacción co itinerario académico

A maioría de persoas tituladas que participaron no estudo (56,6%) mostrouse bastante ou moi satisfeita cos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021 (nivel de satisfacción medio de 3,50 nunha escala de 1 a 5).

A maioría (50,8%) está satisfeita coas competencias adquiridas ao realizar os estudos de mestrado na UVigo no curso 2020/2021 (nivel de satisfacción medio de 3,41 nunha escala de 1 a 5).

O 53,9% recomendaría bastante e moi satisfactoriamente a realización dos estudos de mestrado acabados na UVigo no curso 2020/2021 (nivel de satisfacción medio de 3,52 nunha escala de 1 a 5).

### 13.8 Satisfacción coa inserción laboral

Case a metade (46,7%) referiu estar bastante ou moi satisfeita coa capacitación achegada polos estudos de mestrado realizados para desenvolver a súa profesión (nivel de satisfacción medio de 3,24 nunha escala de 1 a 5).

O 38,8% está satisfeito coa contribución á melloría da súa inserción laboral dos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021 (nivel de satisfacción medio de 3,02 nunha escala de 1 a 5).

O 44,3% de titulados/as inquiridos referiu estar bastante ou moi satisfeito coa melloría do nivel socio-laboral conferido polos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021 (nivel de satisfacción medio de 3,13 nunha escala de 1 a 5).

## BIBLIOGRAFÍA

*Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario no curso 2019/2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2023)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_EM\\_2019-20\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_EM_2019-20_gl.pdf)

[Consult. 13/12/2023]

*Estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de mestrado universitario no curso 2018/2019.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2022)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_EM\\_2018-19\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_EM_2018-19_gl.pdf)

[Consult. 16/11/2022]

*Estudo sobre o impacto da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo. Xaneiro-Setembro de 2021.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2022)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe\\_COVID-19\\_3\\_final\\_gal.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe_COVID-19_3_final_gal.pdf)

[Consult. 20/5/2022]

*Estudo sobre o impacto laboral da segunda onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Setembro-December de 2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2021)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe\\_COVID-19\\_2\\_final\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe_COVID-19_2_final_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2020)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe\\_COVID-19\\_1\\_final\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/Informe_COVID-19_1_final_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 1990-2015.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2018)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_1990-15\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_1990-15_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*101 titulacions da Universidade de Vigo (1990-2015). Formación complementar e especialización profesional das persoas tituladas.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2019)

[http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/12/100\\_Titulacions\\_uvigo\\_gl.pdf](http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2020/12/100_Titulacions_uvigo_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*71.487 persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015). Evolución da oferta académica.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Consello Social-Universidade de Vigo (2017)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IPT\\_1990-15\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IPT_1990-15_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2005-2010.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2015)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2005-10\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2005-10_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da UVigo. Promocións de 2008 e 2009.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2014)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2008-09\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2008-09_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo sobre a experiencia académica e profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo. Promocións de 2006 e 2007.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2013)

[http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL\\_2006-07\\_gl.pdf](http://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_2006-07_gl.pdf)

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014* (EILGraduados1314), ACSUG (2018)

<http://www.acsug.es/sites/default/files/archivos/Resultados%20no%20SUG%20EIL1314.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

*Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014* (EILMásteres1314), ACSUG (2019)

<http://www.acsug.es/sites/default/files/Resumo%20executivo%20masteres%201314.pdf>

[Consult. 23/3/2022]

## ANEXOS



## Anexo 1: Cuestionario aplicado

### ENQUISA DE INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO EN ESTUDOS DE MESTRADO NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021

*Esta enquisa é unha ferramenta moi importante para coñecer a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo que finalizaron os seus estudos Mestrado no curso 2020/2021. Os seus resultados achegan información relevante de cara a mellorar os planos de estudo.*

*O Observatorio de Persoas Tituladas é un proxecto do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de facer o seguimento da inserción laboral dos antigos estudantes. Con ese fin realizamos periodicamente enquisas como esta ás persoas tituladas da UVigo.*

*Comezamos!!*

*Para calquera consulta estamos en: [observatorio.egresados@uvigo.gal](mailto:observatorio.egresados@uvigo.gal) | 986 812 192*

\* Pregunta obrigatoria

P1. Consentimento inicial\*

*Esta Enquisa está dirixida a todos os antigos estudantes da UVigo que completaron estudos de Mestrado Universitario no curso 2020/2021*

Son titulada/o da UVigo no curso 2020/2021 e desexo participar voluntariamente nesta Enquisa de Inserción Laboral

Bloque 1: Información introdutoria

P2. Localidade de residencia\*

*Indica a poboación/localidade da túa residencia actual*

P3. Código Postal\*

*Indica o código postal do teu lugar de residencia actual*

P4. Provincia/Rexión

*Indica a provincia/rexión do teu lugar de residencia actual.*

P5. País

*Indica o país onde resides actualmente*

Estudios de mestrado realizados no curso 2020/2021

P6. Mestrado realizado na UVigo

*Escolle o Mestrado Universitario finalizado na UVigo no curso 2020/2021*

P7. Campus\* (marca só unha opción)

*Indica o Campus da UVigo en que realizaches o Mestrado referido na pregunta anterior*

- Ourense
- Pontevedra
- Vigo

Titulación de acceso ao Mestrado

*As seguintes preguntas están relacionadas coa TITULACIÓN DE ACCESO ao Mestrado avaliado nesta enquisa; isto é, os estudos universitarios previos máis relacionados cos contidos do Mestrado Universitario realizado na UVigo no curso 2020/2021*

P8.1 Tipo de estudos\*

*Indica o tipo de estudos da titulación de acceso ao Mestrado*

- Grao
- Licenciatura
- Enxeñaría (superior)
- Diplomatura
- Enxeñaría Técnica
- Outro mestrado

P8.2 Nome do título\*

Indica o nome da titulación de acceso ao Mestrado. Por exemplo: *Enxeñaría da Enerxía, Tradución e Interpretación, Ciencias do Mar...*

P8.3 Ano

Indica o ano en que realizaches a titulación de acceso ao Mestrado

P8.4 Universidade\*

Indica a universidade onde realizaches a titulación de acceso ao Mestrado

Outras titulacións

P9. Posúes outros estudos universitarios anteriores ao mestrado realizado na UVigo no curso 2020/2021?

Responde se realizaches outra(s) titulación(s) previa(s) a maiores da titulación de acceso ao Mestrado referida nas anteriores preguntas

- Si >> (PASAR A P13.1)
- Non >> (PASAR A P14)

P9.1 Titulación 2ª

Formato de resposta: Nome de "titulación 2" [COMA] Ano en que realizaches a "titulación 2" [COMA] Universidade onde cursaches a "titulación 2"

Exemplo:

*Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, 2011, UVigo*

*Grao en Enxeñaría Informática (Curso Ponte), 2015, Universidade da Coruña*

*Mestrado en Enxeñaría Informática, 2019, UVigo*

P9.2 Titulación 3ª (se proceder)

Formato de resposta: Nome de "titulación 3" [COMA] Ano en que realizaches a "titulación 3" [COMA] Universidade onde cursaches a "titulación 3"

Exemplo:

*Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión, 2011, UVigo*

*Grao en Enxeñaría Informática (Curso Ponte), 2015, Universidade da Coruña*

*Mestrado en Enxeñaría Informática, 2019, UVigo*

P10. Posúes o título de doutoramento? \*

- Si >> (PASAR A P11)
- Non >> (PASAR A P13)

P11. Programa de doutoramento realizado

Indica o programa dos estudos de doutoramento realizado:

P12. Universidade onde obtiveches o doutoramento

Indica a universidade onde completaches o teu título de doutoramento:

P13. Cal foi o principal motivo para te matriculares no mestrado?

- Complementar a miña formación académica previa para poder realizar o doutoramento e dedicarse á investigación
- Complementar a miña formación académica para unha maior especialización no mercado de traballo (ampliar as saídas profesionais, desenvolvemento profesional, ter máis oportunidades...)
- Detectei necesidades formativas na miña experiencia laboral anterior
- Era necesario ou obrigatorio para o meu futuro emprego/perspectiva laboral (profesores de secundaria, avogados/as...)
- Era necesario para dispor das atribucións e competencias profesionais de profesións reguladas (Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Minas...)
- Acceder á realización de prácticas laborais
- Encontrar un primeiro emprego
- Outro (Indicar cal)

P14. Realizaches durante o mestrado prácticas externas?

- Si >> (PASAR A P15)
- Non >> (PASAR A P16)

P15. As prácticas externas eran

- Obrigatorias
- Optativas



Bloque 2: Experiencia laboral previa ao mestrado

P16. Traballaches algunha vez desde a finalización da túa titulación(s) previa(s) antes de comezar o mestrado? \*

*Esta pregunta está referida á experiencia laboral previa á realización do Mestrado Universitario na UVigo*

- Si >> (PASAR A P17)
- Non >> (PASAR A P18)

P17. Estabas a traballar no momento de comezar o mestrado? \*

- Si, e deixei o traballo para facer o mestrado
- Si, e compaxinei o traballo co mestrado
- Non estaba a traballar

Bloque 3: Situación actual

P18. Situación socio-laboral actual\*

*Escolle a opción que mellor describa a túa situación socio-laboral no momento de responder esta enquisa. Se estiveres pluriempregado/a, indica a resposta que mellor defina a túa actividade principal.*

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P22)
- Funcionario/traballo para a administración pública >> (PASAR A P22)
- Traballador/a autónomo/a >> (PASAR A P24)
- Empresario/a (titular dunha empresa) >> (PASAR A P24)
- Desempregado/procurando emprego >> (PASAR A P24)
- Xubilado, pensionista ou con invalidez >> (PASAR A P24)
- Curso estudos universitarios >> (PASAR A P19)
- Preparo oposicións >> (PASAR A P24)
- Baixa/excedencia laboral >> (PASAR A P24)
- Coidado familiar >> (PASAR A P24)
- Outra situación (Indicar cal) >> (PASAR A P24)

P19. De que tipo son os estudos que realizas? (marca só unha opción)

- Grao
- Mestrado
- Doutoramento

P20. Que estudos realizas?

*Indica a titulación que estás a realizar neste momento referida na pregunta anterior*

*En caso de realizar estudos de doutoramento indica o Programa de Doutoramento en que estás matriculado/a*

P21. Universidade onde realizas os estudos universitarios

*Indica a universidade onde estás a realizar actualmente os estudos referidos na pregunta anterior*

>>PASAR A P23

P22. Tipo de contrato\* (marca só unha opción)

*Indica o tipo de contrato do teu emprego actual*

- Indefinido
- Temporal/eventual
- Por obra/servizo
- En prácticas
- Bolsa
- Sen contrato
- Outro (Indicar cal)

P23. Xornada laboral\*

*Indica se traballas a xornada completa ou a tempo parcial*

- Completa (entre 35 e 40 horas á semana)
- Tempo parcial

P24. Tempo que levas na situación socio-laboral actual (en meses)

*Indica o número de MESES que levas na situación actual descrita anteriormente (como empregado/a na empresa privada, emprego no sector público, desempregado/a, traballador/a autónomo/a, empresario/a, estudante...):*

P25. Actualmente traballas?\* (marca só unha opción) \*

- Si >> PASAR A P26
- Non >> PASAR A P36

Bloque 3: Características do emprego actual

*Responde as seguintes preguntas sobre o teu posto de traballo actual*

P26. Lugar de traballo\*

*Indica a poboación/localidade onde se localiza a empresa/entidade en que traballas actualmente (independentemente do país en que residas):*

P27. País

*País onde se encontra a empresa/entidade en que traballas actualmente*

P28. Rama de actividade \*

*Indica a rama de actividade da empresa/entidade en que traballas actualmente*

- Empresa privada
- Ámbito público
- Entidade non lucrativa (fundación, ONG, asociación...)

P29. Sector económico\*

*Indica o sector económico da empresa/entidade do teu emprego actual*

- Actividades físico/deportivas
- Actividades inmobiliarias
- Actividades profesionais (avogacía, tradutor/a, artista...)
- Administración pública (servizos centrais, Facenda, Xustiza...)
- Aeroespacial
- Agricultura, gandería, caza e pesca (sector primario)
- Alimentación/Industria alimentar
- Automoción
- Banca, servizos financeiros e seguros
- Comercio<sup>81</sup>
- Construción
- Consultoría
- Cultura e entretemento
- Defensa e seguranza
- Enerxía e utilities
- Ensino/docencia
- Enxeñaría
- Farmacéutico
- Industria química, plástico, vidro e envases
- Investigación/Actividades científicas
- Loxística, transporte e distribución
- Madeira
- Medios de comunicación/Audiovisuais
- Metalurxia e eléctrico
- Minaría
- Papel, gráficas, edición e reprodución
- Sanitario/saúde
- Servizos a empresas
- Servizos informáticos
- Servizos sociais
- Silvicultura/forestal
- Telecomunicacións/IT
- Têxtil e confección
- Turismo e restauración/HORECA
- Xestión ambiental

P30. Categoría do teu posto de traballo (marca só unha opción) \*

*Indica a responsabilidade que desempeñas no teu emprego actual*

- Técnico/a cualificado/a
- Directivo/a
- Mando intermedio
- Emprego non cualificado

---

<sup>81</sup> Inclúe venda grosista e retalista.

P31. Área funcional/departamento (marca só unha opción)\*

*Indica o departamento do posto de traballo na empresa/entidade en que traballas*

- Administración e finanzas
- Atención ao cliente/usuario
- Calidade
- Compras
- Dirección xeral
- Enxeñaría e construción
- Formación e ensino
- I+D+i
- Informática e tecnoloxía
- Loxística e almacén
- Prevención e saúde
- Produción
- Recursos humanos
- Servizos
- Vendas/marketing
- Xestión de proxectos
- Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa/entidade
- Outra (Indicar cal)

P32. Salario neto mensual no seu traballo actual\*

*Indica o rango no que se atopa o teu salario mensual neto no teu emprego actual. En caso de emprego por conta propia indica os teus ingresos mensais netos.*

- Menos de 500€ (Indicar €)
- Entre 501 e 1000€
- Entre 1001 e 1500€
- Entre 1501 e 2000€
- Entre 2001 e 2500€
- Entre 2501€ e 3000€
- Entre 3001 e 3500€
- Máis de 3501€ (Indicar €)
- Prefiro non responder

P33. Tamaño da empresa/entidade en que traballas

*Indica o número de empregados/as da empresa/entidade en que traballas.*

*No caso dunha empresa con varios centros de traballo, referímonos ao número de traballadores/as do conxunto da organización*

- 1
- 2-9
- 10-49
- 50-249
- 250-999
- 1000 empregados/as ou máis

Bloque 4: Valoración do emprego actual

P34. Relación do teu actual emprego cos estudos de mestrado realizados na UVigo no curso 2020/2021 \*

- Están relacionados
- Están pouco relacionados
- Non teñen ningunha relación

P35. Relación do teu actual emprego co teu nivel académico adquirido no mestrado realizado na UVigo no curso 2020/2021 \*

- Inferior ao meu nivel académico
- Adecuado ao meu nivel académico
- Superior ao meu nivel académico

P36. Valoración do teu emprego actual

*Escala de valoración: 1 (Moi insatisfeito/a)→5 (Moi satisfeito/a)*

Bloque 5: Satisfacción co itinerario académico e coa inserción laboral

P37. Indica a túa satisfacción cos seguintes aspectos sobre o mestrado realizado na UVigo\*

*Escala de valoración: 1 (moi insatisfactorio) → 5 (moi satisfactorio)*

- Valoración global do mestrado realizado
- Competencias adquiridas ao realizar os estudos de mestrado
- Recomendaría a realización deste mestrado

P38. Indica a túa satisfacción global cos seguintes aspectos sobre a inserción laboral do mestrado realizado na UVigo\*

*Escala de valoración: 1 (moi insatisfactorio) → 5 (moi satisfactorio)*

- O mestrado realizado no curso 2020/2021 capacitoume para desenvolver a miña profesión
- A realización do mestrado facilitou a miña inserción laboral
- O mestrado realizado contribuíu a mellorar o meu nivel socio-laboral

P39. Traballaches algunha vez desde que acabaches o mestrado no curso 2019-2020? \*

- Si >> PASAR A P39
- Non, nunca traballei >> PASAR A P43

P40. Canto tempo transcorreu desde que finalizaches o mestrado ata encontrar emprego? \*

*Indica o tempo (en meses) que tardaches en encontrar emprego despois de finalizar o Mestrado realizado na UVigo no curso 2020/2021*

*Indica 0 (CERO meses) se xa traballabas antes de finalizar o Mestrado*

Bloque 6: Situación un ano após acabar os estudos

P41. Cal era a túa situación socio-laboral un ano despois de acabar os estudos? \*

*ATENCIÓN! Debes situarte un ano despois de acabar o Mestrado avaliado nesta enquisa e escoller a opción que mellor describa a túa situación socio-laboral*

*En caso de pluriemprego, indica a resposta que mellor defina a túa actividade principal*

- Emprego por conta allea na empresa privada >> (PASAR A P43)
- Funcionario/traballo para a administración pública >> (PASAR A P43)
- Traballador/a autónomo/a >> (PASAR A P44)
- Empresario/a (titular dunha empresa >> PASAR A P44)
- Desempregado/procurando emprego >> PASAR A P46
- Xubilado, pensionista ou con invalidez >> PASAR A P46
- Cursaba estudos universitarios >> PASAR A P42
- Preparaba oposicións >> PASAR A P42
- Baixa/excedencia laboral >> PASAR A P43
- Coidado familiar >> PASAR A P46
- Outra situación (Indicar cal) >> PASAR A P42

P42. Traballabas un ano despois de acabar o mestrado?

*Indica se traballabas un ano despois de finalizar os teus estudos de mestrado na UVigo no curso 2020/2021*

- Si >> (PASAR A P46)
- Non >> (PASAR A P48)

P43. Xornada laboral do emprego que tiñas un ano despois de acabar os estudos na UVigo \*

- Completa (entre 35 e 40 horas á semana)
- Tempo parcial

P44. Lugar de traballo\*

*Indica onde traballabas un ano despois de acabar o Mestrado na UVigo*

- Traballaba en Galicia
- Traballaba noutra comunidade autónoma
- Traballaba no estranxeiro

P45. Salario neto mensual no seu traballo un ano despois de acabar o mestrado\*

*Indica o rango en que se atopaba o teu salario mensual neto no teu emprego un ano despois de finalizar os estudos de mestrado na UVigo no curso 2020/2021*

*En caso de emprego por conta propia indica os teus ingresos mensais netos*

- Menos de 500€ (Indicar €)
- Entre 501 e 1000€
- Entre 1001 e 1500€
- Entre 1501 e 2000€
- Entre 2001 e 2500€

- Entre 2501€ e 3000€
- Entre 3001 e 3500€
- Máis de 3501€ (Indicar €)
- Prefiro non responder

**Anonimización e verificación**

*Esta enquisa é anónima. Non require que indique o seu nome e apelidos*

*Para verificar que a persoa que responde a enquisa é antigo estudante da UVigo é preciso xerar un CÓDIGO DE VERIFICACION*

**P46. Código de verificación\***

*Indica as dúas primeiras cifras, as dúas cifras finais e letra do seu número de identidade (DNI, NIE ou Pasaporte)*

*Formato da resposta: Primeiros dous valores do seu n° de identidade [GUIÓN] últimos dous valores do seu n° de identidade [GUIÓN] letra do seu n° de identidade. Exemplo: Para o n° de identidade 12345678Z debes indicar 12-78-Z*

**P47. Sexo\***

- Home
- Muller

**P48. Ano de nacemento**

*Indica o teu ano de nacemento*

**P49. Dirección de correo electrónico (opcional)**

*Indica a conta de correo electrónico na que queres recibir os resultados deste Estudo de Inserción Laboral*

**P50. PREGUNTA ABERTA**

Se desexas engadir algún comentario que consideres relevante para os fins deste estudo, por favor, faino constar nesta pregunta aberta:

**P51. CONSENTIMENTO RGPD\***

Definición da Política de Privacidade

Lin e acepto a Política de Privacidade descrita neste consentimento.

## Anexo 2: Mensaxes de presentación do cuestionario

### Primeiro envío

Asunto: Enquisa de inserción laboral a titulados/as en Mestrado | Curso 2020/2021

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

*Superados 18 meses da túa graduación na UVigo en estudos de Máster no curso 2020/2021 é hora de saber como foi a inserción laboral das persoas tituladas da túa promoción e a satisfacción cos estudos realizados.*

*Para iso solicitamos a túa participación na Enquisa [ anónima ] de Inserción Laboral que acabamos de lanzar destinada a todos os antigos estudantes que, como no teu caso, realizaron un título de máster ese curso.*

► *Accede ao Cuestionario da Enquisa*<sup>82</sup>

*Preparamos un vídeo-resumo coas preguntas que vas encontrar na enquisa: Ver vídeo*<sup>83</sup> *(menos de 3 minutos!!)*

*En FAQs encontrarás todo o que precisas saber sobre o estudo de inserción laboral que estamos a realizar (obxectivos, protección de datos...) > FAQs*<sup>84</sup>

*E porque queremos estar máis cerca de ti, temos a nosa páxina de LinkedIn sempre actualizada. Clica aquí*<sup>85</sup> *e comeza a seguirmos para estares ao día sobre a empregabilidade dos antigos estudantes da UVigo e das nosas actividades.*

*Agradecendo de antemán a túa atención e o teu tempo, contamos coa túa participación!*

*Recibe un cordial saúdo,*

*Luis Espada*

*Director do Observatorio*

### Primeira reiteración

Asunto: Solicitamos a túa colaboración (segundo envío)

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

*Contactamos novamente contigo para solicitar a túa colaboración e participes na Enquisa (anónima) de Inserción Laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de Mestrado no curso 2020/2021.*

► *Accede ao Cuestionario da Enquisa*<sup>86</sup>

*A túa participación é moi importante para coñecer como está a funcionar no mercado de traballo a titulación que realizaches no curso 2020/2021 e poder determinar indicadores de inserción laboral como a taxa de ocupación, taxa de desemprego, tempo en encontrar emprego, se continúas a estudar ou se o teu posto de traballo está relacionado cos estudos realizados na UVigo.*

> *Vídeo-guía da Enquisa*<sup>87</sup>

> *FAQS*<sup>88</sup>

---

<sup>82</sup> <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHqh4TZNg1KZBrGRsMnAEDV5UQIINvzFGV0UwT0FEUVJGRkM4TUFPUVpaNC4u>

<sup>83</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=l-i3lqk5H-4>

<sup>84</sup> <http://observatorio.uvigo.gal/enquisas-de-insercion-laboral-curso-2020-2021/>

<sup>85</sup> <https://www.linkedin.com/company/observatorio-uvigo>

<sup>86</sup> <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=gF-EVtYEjEKYqTRT7f-KHqh4TZNg1KZBrGRsMnAEDV5UQIINvzFGV0UwT0FEUVJGRkM4TUFPUVpaNC4u>

<sup>87</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=l-i3lqk5H-4>

*Lembra que podes manterte conectado/a connosco facéndote seguidor/a da nosa Páxina de LinkedIn<sup>89</sup>.*

*Agradecendo de antemán a túa atención e o teu tempo, contamos coa túa participación!*

*Recibe un cordial saúdo,*

*Luis Espada  
Director do Observatorio*

### Segunda reiteración

Asunto: Solicitamos a túa colaboración (último envío)

Corpo:

*Prezada titulada/o,*

